

**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN  
DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS**

Edificios Administrativos - San Caetano, s/n

15781 Santiago de Compostela

**Asunto: Alegacións á Resolución do 5 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) das instalacións do parque eólico Suído I, así como a das súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Lalín e Dozón (Pontevedra) e O Irixo (Ourense), promovido por Desenvolvementos Renovables del Norte, S.L.U. (expediente IN408A/2020/008), DOG Núm. 82, de 29 de abril de 2022.**

Don/Doña \_\_\_\_\_ con DNI. Número  
\_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en  
\_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_,  
provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

Á vista da Resolución do 5 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) das instalacións do parque eólico Suído I, así como a das súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Lalín e Dozón (Pontevedra) e O Irixo (Ourense), promovido por Desenvolvementos Renovables del Norte, S.L.U. (expediente IN408A/2020/008), DOG Núm. 82, de 29 de abril de 2022, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIONES:**

**I.- ANTECEDENTES**

1.- Por Resolución do 18 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, sometiase a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental, o proxecto de interese autonómico e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Valdepereira, localizado nos concellos de Lalín e O Irixo, promovido por Aerogeneración Galicia, S.L. (expediente IN661A DXIEM-05/11), DOG Núm. 234, 7 de decembro de 2021.

2.- Por Resolución do 18 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, sometiase a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental, o proxecto de interese autonómico e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Pico Seco, localizado nos concellos de Lalín e O Irixo, promovido por Aerogeneración Galicia, S.L. (expediente IN661A DXIEM-04/11), DOG Núm. 234, 7 de decembro de 2021.

3.- Por Acordo do 28 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial de Ourense, sométese a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV, eixe leste, sitas nos concellos de Beariz, Boborás e O Irixo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/175), DOG Núm. 5, de 10 de xaneiro de 2022.

Como características principais deste proxecto indicábase:

• Características principais recollidas no proxecto:

1º. LAT 132 kV SEC Valdepereira-SEC Paraño:

• LAT 132 kV apoio T60 LAT 132 kV SEC Serra do Faro-SEC Valdepereira.

Liña eléctrica de alta tensión que constará dun simple circuíto de condutor LA-280 dúplex tendido sobre dous apoios metálicos de celosía. A súa lonxitude aproximada será de 163,23 m, sen incluír os vans destensados de aproximadamente 23,34 m na conexión a SEC Valdepereira.

- LAT 132 kV SEC Valdepereira-SEC A Estivada.

Liña eléctrica de alta tensión que contará dun simple circuíto de condutor LA-380 dúplex, tendido sobre 21 apoios metálicos de celosía. A súa lonxitude aproximada será de 6.441,87 m, sen incluír os vans destensados de aproximadamente 34,81 m na conexión a SEC A Estivada.

- LAT 132 kV SEC A Estivada-SEC Paraño.

Liña eléctrica de alta tensión que constará dun simple circuíto de condutor LA-380 dúplex tendido sobre 14 apoios metálicos de celosía. A súa lonxitude aproximada será de 3.698,72 m, sen incluír os vans destensados de aproximadamente 38,13 m na conexión a SEC Paraño.

2º. Subestación colectora principal: SEC Paraño 30/132/400 kV.

3º. LAT 400 kV SEC Paraño-SE REE Beariz.

Liña eléctrica de alta tensión que constará dun simple circuíto de condutor LA-455 dúplex tendido sobre 3 apoios metálicos de celosía. A súa lonxitude aproximada será de 180 m, sen incluír o van destensado de aproximadamente 27,18 m na conexión a SEC Paraño e o van destensado de aproximadamente 70,37 m na conexión a SE REE Beariz.

O obxecto da información pública será a autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental das instalacións. A declaración de utilidade pública levará implícita, de acordo co artigo 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, a necesidade da urxente ocupación para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados necesarios para estas instalacións.

4.- Por Resolución do 1 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental, o proxecto de interese autonómico e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Valdepereira, situado nos concellos de Lalín (Pontevedra) e O Irixo (Ourense) e promovido por Aerogeneración Galicia, S.L. (expediente IN661A DXIEM-05/11), DOG Núm. 57, de 23 de marzo de 2022.

5.- Por Resolución do 1 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental, o proxecto de interese autonómico e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Pico Seco, situado nos concellos de Lalín (Pontevedra) e O Irixo (Ourense) e promovido por Aerogeneración Galicia, S.L. (expediente IN661A DXIEM-04/11), DOG Núm. 57, de 23 de marzo de 2022.

6.- Por Acordo do 25 de febreiro de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, sométese a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV eixe leste, sitas nos concellos de Beariz, Boborás e O Irixo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/175), DOG Núm. 57, de 23 de marzo de 2022.

7.- Por Acordo do 28 de abril de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, sométese a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV Eixe leste, sitas nos concellos de Beariz, Boborás e O Irixo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/175), DOG Núm. 88, 6 de maio de 2022.

Indícase neste Acordo:

Durante o novo trámite de información pública realizado, esta xefatura territorial recibiu novas alegacións relativas ao expediente de referencia.

- O 25.4.2022 ten entrada nesta xefatura territorial documentación actualizada relativa ao proxecto das instalacións de conexión de referencia.

**Con motivo da nova documentación actualizada**, e tendo en conta a antedita Sentenza 18/2022, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sométese de novo a información pública por un prazo de 30 días, **o proxecto actualizado das instalacións de conexión Beariz 400kV Eixe leste que se describen a seguir:**

- Solicitante: Adelanta Corporación, S.A., CIF A32015547.
- Domicilio social: Parque San Lázaro, 7, 1º, 32003, Ourense.
- Denominación: instalacións de conexión Beariz 400 kV Eixe leste.

1. LAT 132 kV SEC Valdepereira-SEC Paraño:

– LAT 132 kV Apoio T60 LAT 132 kV SEC Serra do Faro-SEC Valdepereira.

– LAT 132 kV SEC Valdepereira-SEC A Estivada.

– LAT 132 kV SEC A Estivada-SEC Paraño.

2. Subestación colectora principal: SEC Paraño 30/132/400 kV.

3. LAT 400 kV SEC Paraño-SE REE Beariz.

- Situación: concellos de Beariz, Boborás e O Irixo.
- Potencia que se evacuará LAT400 kV SEC Paraño-SE REE Beariz: 747,52 MW.
- Prazo de execución: 8 meses.
- Orzamento execución material: 19.634.958,65 €.

**• Características principais recollidas no proxecto:**

1. LAT 132 kV SEC Valdepereira-SEC Paraño:

- LAT 132 kV Apoio T60 LAT 132 kV SEC Serra do Faro-SEC Valdepereira.

Liña eléctrica de alta tensión que constará dun simple circuíto de condutor LA-280 Dúplex tendido sobre dous apoios metálicos de celosía. A súa lonxitude aproximada será de 163,23 m, sen incluír os vans destensados de aproximadamente 23,34 m na conexión a SEC Valdepereira.

- LAT 132 kV SEC Valdepereira-SEC A Estivada.

Liña eléctrica de alta tensión que contará dun simple circuíto de condutor LA-380 Dúplex, tendido sobre 21 apoios metálicos de celosía. A súa lonxitude aproximada será de 6.441,87 m, sen incluír os vans destensados de aproximadamente 34,81 m na conexión a SEC A Estivada.

- LAT 132 kV SEC A Estivada-SEC Paraño.

Liña eléctrica de alta tensión que constará dun simple circuíto de condutor LA-380 dúplex tendido sobre 14 apoios metálicos de celosía. A súa lonxitude aproximada será de 4.069,62 m, sen incluír os vans destensados de aproximadamente 33,88 m na conexión a SEC Paraño.

2. Subestación colectora principal: SEC Paraño 30/132/400 kV.

3. LAT 400 kV SEC Paraño-SE REE Beariz.

Liña eléctrica de alta tensión que constará dun simple circuíto de condutor LA-455 Dúplex tendido sobre dous apoios metálicos de celosía. A súa lonxitude aproximada será de 84,25 m, sen incluír o van destensado de aproximadamente 31,71 m na conexión a SEC Paraño e o van destensado de aproximadamente 70,37 m na conexión a SE REE Beariz.

8.- Por Resolución do 5 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) das instalacións do parque eólico Suído I, así como a das súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Lalín e Dozón (Pontevedra) e O Irixo (Ourense), promovido por Desenvolvementos Renovables del Norte, S.L.U. (expediente IN408A/2020/008), DOG Núm. 82, de 29 de abril de 2022.

## II.- IMPACTOS AMBIENTAIS SEVEROS.

### **DIVISIÓN ARTIFICIOSA DE PROXECTOS AOS EFECTOS AMBIENTAIS.**

O proxecto técnico das Instalacións de Conexión Beariz 400 kV –Eixo Leste, describe as instalacións de conexión requiridas para a evacuación da enerxía xerada nos parques eólicos que a seguir se indican e todos eles en trámite de autorización administrativa ante a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Xunta de Galicia e ante o Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico:

### **PLANTAS DE XERACIÓN EÓLICA PREVISTAS PARA A ÁREA XEOGRÁFICA DE IMPLANTACIÓN DO PROXECTO. ESPECIAL REFERENCIA AOS PARQUES EÓLICOS PICO SECO, VALDEPEREIRA E SUÍDO I**

<b>INSTALACIONES DE CONEXIÓN BEARIZ 400 kV – EIXE LESTE</b>			
<b>Número</b>	<b>PARQUE EÓLICO</b>	<b>POTENCIA INSTALADA (MW)</b>	<b>PROMOTORA</b>
1	Serra do Faro	36,4	Serra do Faro, S.L.U
2	Serra do Faro Ampliación II	33,6	Pena da Cota Eólica, S.L.U
3	Coto Frio	39,6	Coto Frio, S.L.U
4	Coto da Mina	16,72	Coto da Mina S.A.U
5	Pico Seco	29,7	Aerogeneración Galicia, S.L.U
6	Valdeperreira	26,4	Aerogeneración Galicia, S.L.U
7	Suído I	39,9	Desarrollos Renovables del Norte, S.L.U
8	A Estivada	24	Naturgy Renovables, S.L.U
9	As Vides	16	Naturgy Renovables, S.L.U
10	Campos Vellos	30	Greenalia Wind Power Campos Vellos S.L.U
11	Marcofán	25,20	Marcofán Eólica, S.L.U
12	Pena da Lebre	14	Marcofán Eólica, S.L.U
13	Puza	48	Alto da Puza, S.L.U
14	Edreira I	24	Puentengasa San Roque I, S.L.U
15	Coto das Airas	44	Coto das Airas, S.L.U
16	Laxabranca	26,6	Laxabranca, S.L.U
17	Uxo	21	Naturgy Renovables, S.L.U
18	Monte Peón	12,6	Naturgy Renovables, S.L.U
19	As Penizas	33,6	Greenalia Wind Power, S.L.U
20	As Penizas Ampliación	10	Greenalia Wind Power, S.L.U
21	Pedra Longa	16,8	Pedra Longa Eólica, S.L.U
22	Cabanelas	18	Sistemas Energéticos Cabanelas, S.A.U
23	Tramontana	72,8	Greenalia Wind Power Tramontana, S.L.U
24	Siroco	61,6	Greenalia Wind Power Siroco, S.L.U
25	Coto do Carballal	28	Adelanta Corporación, S.A.
<b>Total potencia</b>		<b>748,52</b>	

<b>Número</b>	<b>OUTROS PARQUES EÓLICOS E LIÑAS DE EVACUACIÓN XA EXISTENTES OU PREVISTAS NA ÁREA DE IMPLANTACIÓN DO PROXECTO</b>
---------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

1	Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal L.A. T. 132 kV O Irixo-Lalín
2	Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal Parque eólico Irixo (fase 1)
3	Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal Parque eólico Ameixeiras e Testeiros
4	Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal Parque eólico Paraño Oeste

A empresa promotora do proxecto de Conexión Beariz 400 kV –Eixo Leste indica literalmente ao respecto:

*“Siendo fundamental que el presente documento se ajuste a la función vertebradora de una política territorial, se definen los criterios de diseño de las instalaciones, las características funcionales y de localización de las mismas de modo que se garantice la accesibilidad y la inserción de la totalidad del territorio en una lógica disponibilidad de los elementos estructurales.*

*En consecuencia, el objeto del presente Proyecto Sectorial es realizar la ordenación territorial de los terrenos afectados por la infraestructura citada anteriormente, en cuanto a instalación de marcado carácter territorial, y que afecta a los siguientes municipios: También es objeto del presente Proyecto Sectorial la justificación del interés público y utilidad social de dichas instalaciones, con el fin de obtener los beneficios de aplicación de la ley de Expropiación Forzosa en aquellos terrenos afectados en los que no se obtenga su disponibilidad por la vía de mutuo acuerdo con sus propietarios”.*

Sin embargo, sorprendentemente os 28 parques eólicos indicados nas Táboas anteriores non son obxecto do estudo de impacto ambiental nin da correspondente avaliación ambiental **do conxunto**, limitándose esta tan só á infraestrutura de Conexión Beariz 400 kV –Eixo Este e dividindo artificiosamente aos efectos ambientais as instalacións de produción das instalacións de transporte dos distintos parques eólicos.

Por outra banda, trátase dun Plan industrial eólico impulsado por acordos entre empresas que configuran un clúster empresarial e que polo tanto debera someterse á avaliación ambiental estratéxica propia de todos os plans.

Ademais e segundo o Convenio europeo da Paisaxe, a cidadanía debera ser consultada en relación a este plan industrial eólico ou conxunto de proxectos que comparten unha solución de evacuación conxunta, xa que logo, segundo o citado Convenio os obxectivos de calidade paisaxística dos proxectos determínanos a Administración, pero en base ás aspiracións da cidadanía. E neste caso a cidadanía afectada non foi consultada ao respecto.

Estas Instalacións de Conexión Beariz 400 kV –Eixo Este é intrínseca alomenos aos 25 parques eólicos primeiramente indicados e tal vez máis, por tanto, debería analizarse en todo o procedemento de avaliación ambiental. Esta infraestrutura resulta imprescindible para a viabilidade e desenvolvemento dos 25 parques eólicos indicados debido ao cal débense analizarse pormenorizadamente os efectos e impactos de todos eles e a totalidade das infraestruturas asociadas aos mesmos, como é o caso destas instalacións.

O artigo 21 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, establece que formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica.

#### **Artigo 21. Actividades de produción de enerxía eléctrica.**

*“5. Formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica”.*

A inclusión dos efectos e impactos dos máis de 28 parques eólicos no proxecto destas instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos devanditos impactos detectados no EIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.

**A inclusión dos efectos e impactos das instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos impactos detectados no EIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.**

### **AUSENCIA DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ACUMULADA E SINÉRGICA DA TOTALIDADE DO CONXUNTO DAS INFRAESTRUTURAS.**

**Na área afectada polo proxecto existen outros parques eólicos e liñas de alta tensión de evacuación.**

O impacto xeral provocado pola acumulación de parques eólicos pode xerar graves afeccións tanto á poboación como aos animais da zona. Preocupa, especialmente, a situación da avifauna e os quirópteros, dado que esta concentración de parques

podería supor un incremento significativo da mortalidade, do efecto baleiro (abandono da zona) e do efecto barreira. Neste último caso, cuxo resultado directo sería o da perda de conectividade ecolóxica, vulnera de xeito flagrante a disposición incluída na Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. No artigo 87.1. desta lei, se manifesta o seguinte:

*“Para mejorar la coherencia y la conectividad ecológica del territorio, la Administración autonómica fomentará en su planificación ambiental la conservación de corredores ecológicos y la gestión de aquellos elementos del paisaje y áreas territoriales que resulten esenciales o revistan primordial importancia para la migración, la distribución geográfica y el intercambio genético entre poblaciones de especies de fauna y flora silvestres, teniendo en cuenta los impactos futuros del cambio climático.”*

En suma, cabe indicar a seguinte consideración, incluída no borrador da “Estrategia estatal de infraestructura verde y de la conectividad y la restauración ecológicas” realizada polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico na que se sinala que se debe perseguir a:

*“Mitigación de las barreras producidas por la infraestructura de producción y distribución de energía, prioritariamente en aquellos parques eólicos y tramos de los tendidos eléctricos que atraviesen áreas relevantes para la diversidad de aves y murciélagos y/o concentren un elevado número de electrocuciones o colisiones.”*

Ao anterior hai que engadir a presenza de aves e quirópteros (morcegos) en estado de perigo de extinción o vulnerables segundo o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) e/ou o Catálogo Nacional de Especies Amenazadas (CNEA).

En definitiva, os máis 28 parques eólicos referenciados e a súa infraestructura de evacuación non é compatible coa conservación dos corredores ecolóxicos nin coa pretensión de mitigar as barreras á fauna.

Os proxectos dos parques eólicos e as liñas de evacuación deben ser contemplados como un conxunto integrado nun mesmo proxecto. Non é de recibo sortear a través dunha máis que utilizada fragmentación, uns efectos sinérxicos e acumulativos ausentes nos estudos de impacto ambiental e nas declaracións de impacto ambiental.

Cómpre resaltar o carácter unitario dos parques eólicos previstos, no sentido de que todos os seus elementos e instalacións deben contemplarse desde unha perspectiva unitaria, desde os accesos e os propios aeroxeradores ata a liña de conexión dos parques no seu conxunto coa rede de distribución ou transporte de electricidade. Iso conleva, efectivamente, que non pode darse un tratamento separado a grupos de aeroxeradores de forma artificiosa e tratalos como parques autónomos, ou duplicar instalacións co mesmo fin, pois iso comportaría efectivamente unha fraude de lei que, á marxe do seu maior impacto ambiental, podería supoñer unha alteración da competencia ou unha evitación de maiores esixencias ambientais.

Non se valora a localización dos parques previstos e a súa continuidade física e tampouco se pondera que todos os parques compartan elementos comúns relevantes, como é a liña de evacuación de electricidade e as infraestructuras de conexión asociadas. Ao anterior hai que engadir outro dato adicional, que é que a consideración separada dos parques impide ter en conta os efectos sinérxicos dos mesmos desde a perspectiva ambiental.

A unidade do proxecto resulta así dos datos fácticos xa acreditados arestora en base aos proxectos presentados polas promotoras e arestora en tramitación, como son a localización lindeira dos parques, dos elementos comúns como a liña de evacuación de electricidade etc... Por outra banda, a consideración separada dos parques impide ter en conta os efectos desde o punto de vista do impacto ambiental, obviando unha análise do conxunto dos elementos implicados, sen que poida paliarse o defecto de concepción inicial cos estudos de sinerxias, limitado a determinados aspectos. Todos os parques proxectados teñen efectos acumulados sobre os mesmos elementos da paisaxe e a biodiversidade da contorna, polo que o seu impacto sinérxico debe ser avaliado de forma conxunta para non incorrer nuns procedementos viciados desde o principio e nulos de pleno dereito, tal e como apuntan diversas resolucións xudiciais respecto diso. Ademais a cidadanía ten dereito ao acceso á información do conxunto e a recibir información relativa ao conxunto global e acumulado de todas as infraestructuras do proxecto industrial.

A Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos é unha técnica que non admite sucedáneos ou substitutos e que, por tanto, debe esixirse de forma íntegra, a fin de non frustrar a súa funcionalidade.

Que a fragmentación artificial ou de conveniencia deste tipo de proxectos non se axusta a Dereito é unha realidade que veñen corroborando os tribunais de xustiza en España dende hai anos. Así, por exemplo, A Sentenza do TSXG, Sala Terceira, nº 254/2020, de 9 de novembro, que apreciou a fragmentación artificial do parque eólico Sasdónigas, en Mondoñedo, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 30 de marzo de 2017, nº 556/2017, ou a pioneira Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de abril de 2006, na que se pode ler o que segue:

"Se algún sentido ten dita figura (os parques eólicos), coa significación xurídica que diversas normas lle recoñeceron, é precisamente a de integrar en si varios aeroxeradores interconectados e dispoñelos de modo que non atenúen uns o rendemento eólico doutros, en zonas con determinados requisitos mínimos (velocidade e constancia do vento) co fin de optimizar o aproveitamento enerxético e diminuír os custos da súa conexión ás redes de distribución ou transporte de enerxía eléctrica. É consustancial, pois, aos parques eólicos o seu carácter unitario de modo que os aeroxeradores neles agrupados necesariamente

han de compartir, ademais das liñas propias de unión entre si, uns mesmos accesos, un mesmo sistema de control e unhas infraestruturas comúns (normalmente, o edificio necesario para a súa xestión e a subestación transformadora). E, sobre todo, dado que a enerxía resultante ha de inxectarse mediante unha soa liña de conexión do parque eólico no seu conxunto á rede de distribución ou transporte de electricidade -pois non se cumprirían os criterios de rendemento enerxético e dun mínimo impacto ambiental se cada aerogenerador puidese conectarse independentemente, coa súa propia liña de evacuación da enerxía eléctrica producida, ata o punto de conexión coa rede eléctrica-, non é posible descompoñer, a efectos xurídicos, un parque eólico proxectado con estas características para diseccionar del varios dos seus aerogeneradores aos que se daría un tratamento autónomo".

En canto ao impacto negativo das operacións de fragmentación artificial de parques nas avaliacións ambientais, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 21 de febreiro de 2014, recaída no recurso 673/2009, contemplou no seu Fundamento de

Dereito sexto o que segue:

“3ª. Diso despréndese que, prescindindo, dunha consideración de conxunto dos demais parques, a declaración de impacto ambiental realizada, efectuouse de forma fraccionada, iso é totalmente claro despois de que na mesma se prescindiu, como se desprende do informe precedentemente citado, da liña de evacuación eléctrica que conecta co sistema de distribución xeral, liña esta que ha de formar parte do parque ou parques analizados, e que sendo común aos dous, serve precisamente, entre outros elementos para considerar, para dar unidade a ambos. A non integración da devandita liña devaluou a declaración de impacto ambiental realizada, o que non pode paliarse cun estudo de sinerxias, que só considera determinados aspectos, como o de ruído e ambiental, que puiden constituír, si, un plus respecto a os proxectos analizados en conexión con outros, pero que non pode servir para paliar un defecto de concepción inicial, cal debeu ser unha análise conxunta de todos os elementos que han de integrar o único proxecto. Noutro caso, sempre quedaría ao criterio da Administración a escisión dos proxectos para avaliar completando posteriormente un estudo conxunto de ambos os a través de devandito estudo de sinerxias, que sempre deberá efectuarse nun proxecto unitario determinado polos elementos inescindibles que o compoñen.

4ª. As mesmas consideracións deben efectuarse respecto á duplicación en dúas dos procedementos de autorización, sendo copia mimética o un do outro, o que é expresivo de que nos atopamos, non ante dous proxectos, senón ante un só, xa que a admisión deste criterio permitiría, non duplicar senón triplicar, cuadruplicar... etc. o proxecto inicialmente concibido, fraccionando as avaliacións de impacto ambiental, que non pode ser duplicada, para cada un dos proxectos, senón que, por contra, a única garantía de analizar todas os aspectos que se han de incluír no mesmo, é desde unha visión conxunta, non fraccionada, sen que poida suplir esta carencia de orixe, recorrendo a unha análise posterior das sinerxias que se producen entre os elementos illadamente analizados”.

Unha cousa é que se pretenda facer valer que nos atopamos ante proxectos de implantación de parques independentes e plenamente funcionais de xeito aislado, e outra é que as vinculacións operativas entre eses parques proxectados sexan, de facto, intensas. Poderase alegar que se procura o menor impacto nas infraestruturas de evacuación, poderase referir tamén a súa modularidade ou adaptabilidade, mais certamente, no sentido apuntado por unha xurisprudencia cada vez máis consolidada, a fragmentación artificiosa téñen por finalidade menoscabar as garantías inherentes aos procedementos de avaliación, pola vía de imposibilitar a avaliación ambiental de conxunto dos proxectos. E para superar esa merma de garantías, dende logo, non resulta suficiente que nas avaliacións ambientais fragmentadas se acometan estudos de sinerxias, sobre os cales a xurisprudencia téñen declarado o seu carácter incompleto e fragmentario. Así, a Sentenza do TSX de Castela-León, Sala de Valladolid, nº 1361/2014, de data 26/06/2014, Fundamento de Dereito sexto, resolución que declarou a existencia de fragmentación artificial:

“Prescindindo, de una consideración de conjunto de los demás parques, la declaración de impacto ambiental realizada, se ha efectuado de forma fraccionada, ello es totalmente claro en cuanto que en la misma se ha prescindido, como se desprende del informe precedentemente citado, de la línea de evacuación eléctrica que conecta con el sistema de distribución general, línea esta que ha de formar parte del parque o parques analizados, y que siendo común a los dos, sirve precisamente, entre otros elementos a considerar, para dar unidad a ambos. La no integración de dicha línea ha devaluado la declaración de impacto ambiental realizada, lo que no puede paliarse con un estudio de sinerxias, que solo considera determinados aspectos, como el de ruido y ambiental, que puede constituir, sí, un plus respecto a los proyectos analizados en conexión con otros, pero que no puede servir para paliar un defecto de concepción inicial, cual debió ser un análisis conjunto de todos los elementos que han de integrar el único proyecto. En otro caso, siempre quedaría al criterio de la Administración la escisión de los proyectos a evaluar completando posteriormente un estudio conjunto de ambos a través de dicho estudio de sinerxias, que siempre deberá efectuarse en un proyecto unitario determinado por los elementos inescindibles que lo componen. (...) Las mismas consideraciones han de efectuarse respecto a la duplicación en dos de los procedimientos de autorización, siendo copia mimética el uno del otro, lo que es expresivo de que nos encontramos, no ante dos proyectos, sino ante uno solo, ya que la admisión de este criterio permitiría, no duplicar sino triplicar, cuadruplicar... etc. el proyecto inicialmente concebido, fraccionando las evaluaciones de impacto ambiental, que no puede ser duplicada, para cada uno de los proyectos, sino que, por contra, la única garantía de analizar todas los aspectos que se han de incluir en el mismo, es desde una visión conjunta, no fraccionada, sin que pueda suplir esta carencia de origen, recurriendo a un análisis posterior de las sinerxias que se producen entre los elementos aisladamente analizados”.

Cómpre salientar que esta Sentenza foi ratificada en casación polo Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, en data 30/03/2017, por medio de Sentenza nº 1390/2017.

En calquera caso, o proxecto verbo do que alegamos e, en particular, o estudo de impacto ambiental, non acomete tampouco unha avaliación acaída de impactos acumulativos e sinérxicos. Aínda partindo da realidade de que se está a tramitar a implantación do conxunto de parques antes referidos na zona xeográfica de referencia, o estudo dos impactos acumulativos e sinérxicos incorporado como Anexo VI ao EIA non se pode considerar que xustifique ou motive adecuadamente as conclusións ás que chega, nin que -na liña da xurisprudencia citada anteriormente- considere a totalidade dos aspectos que deben ser considerados.

Dada a proximidade física entre os diferentes proxectos de parques, e por conseguinte a súa afección aos mesmos espazos naturais, especies, patrimonio ou poboación, é precisa unha análise exhaustiva, ecosistémica e participada que garanta un modelo de desenvolvemento rural equilibrado da zona afectada, no sentido do disposto no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que establece que calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable ás especies ou hábitats dos espazos da Rede Natura 2000, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, tendo en conta os obxectivos de conservación.

Pola súa banda, a Rede de Autoridades Ambientais (Subgrupo de coordinación de órganos ambientais na avaliación de impacto ambiental de proxectos de enerxías renovables), en documento de Alcance de estudo de impacto ambiental de Proxecto de Parque Eólico Terrestre, recomenda que se a solicitude administrativa está en tramitación, "no caso de que o mesmo ou diferentes promotores soliciten autorización administrativa de varios parques cuxas evacuacións conflúan a unha mesma nova subestación ou requiran una mesma nova liña de conexión coa rede de transporte de REE preexistente, sempre que o órgano substantivo que deba tramitar e outorgar as respectivas autorizacións sexa o mesmo, para facilitar a avaliación dos efectos acumulados e sinérxicos recoméndase a súa tramitación simultánea, a elaboración dun estudo de impacto ambiental único para todos eles e solicitar a acumulación das correspondentes avaliacións de impacto ambiental nun único procedemento (artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

☞ **Afección moi severa e prexuízos irreparables para a Rede Natura 2000 e a súa coherencia. Falla de conectividade ecolóxica entre os ecosistemas. Cómpre ter en conta que as especies non entenden de límites xeográficos e que o mantemento da conectividade ecolóxica é fundamental para o mantemento dos ecosistemas e da coherencia da propia Rede. Afección significativa e danos irreversibles a outros espazos protexidos:**

O proxecto do parque eólico Suído I afecta a ZEC Serra do Candán, á ZEC de Pena Veidosa (ES1130004) e á ZEC Monte Faro (ES1120008).

O proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV, eixe leste, sitas nos concellos de Beariz, Boborás e O Irixe, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/175), está próxima aos espazos naturais como son a ZEC Serra do Candán, ZEC Serra do Cando e ZEC Pena Veidosa. Cómpre ter en conta que a Rede Natura 2000 localízase practicamente á beira das instalacións.

Debéranse avaliar os impactos acumulados e sinérxicos do parque eólico e as súas infraestruturas asociadas de evacuación (incluída a Subestación de destino de Regoelle), tendo en conta tamén o conxunto de parques eólicos e as súas respectivas infraestruturas existentes no mesmo ámbito xeográfico en relación aos espazos próximos da Rede Natura 2000.

O apartado de avaliación de repercusións do proxecto sobre a Rede Natura 2000 incluírá, de maneira diferenciada para cada unha das alternativas do proxecto consideradas, o seguinte:

a) Identificación dos espazos afectados, e para cada un identificación dos hábitats, especies e demais obxectivos de conservación afectados polo proxecto, xunto coa descrición dos seus requirimentos ecolóxicos máis probablemente afectados polo proxecto e a información dispoñible cuantitativa, cualitativa e cartográfica descritiva do seu estado de conservación a escala do conxunto espazo.

b) Identificación, caracterización e cuantificación dos impactos do proxecto sobre o estado de conservación dos hábitats e especies polos que se designou o lugar, sobre o resto dos obxectivos de conservación especificados no correspondente plan de xestión, e no seu caso sobre a conectividade con outros espazos e sobre os demais elementos que outorgan particular importancia ao espazo no contexto da Rede e contribúen á súa coherencia. A avaliación destes impactos apoiárase en información real e actual sobre os hábitats e especies obxecto de conservación no lugar.

c) Medidas preventivas e correctoras destinadas a mitigar os impactos, e medidas compensatorias destinadas a compensar o impacto residual, evitando con iso unha deterioración neta do conxunto de variables que definen o estado de conservación no conxunto do lugar dos hábitats ou as especies afectados polo proxecto.



## Serra do Candán

### Código ZEC

ES1140013

### Rexión

Atlántica

### Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

### Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

### Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014

### Concellos

Forcarei, Lalín, Silleda, Beariz e O Irixo.

### Superficie

10.699 ha.

### Situación

Na zona centro-sudoeste de Galicia, na denominada Dorsal Galega. Nesta serra atópase o nacemento dos ríos Lérez, Umia e de varios tributarios do Deza. Está relativamente próxima ao río Ulla e ao río Miño. Localidades de referencia: Andón, Aciveiro, Berrozo, Fixó, Vilariño e Codesás (Forcarei); Refoxos, Laro, Parada, Zobra e A Trigueira (Lalín); A Ermida (Beariz); Regueiro (Boborás); Subirol (O Irixo).

### Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Serra do Candán", de 10.699 ha.

### Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranuncion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
4020 β	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
6220 β	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxillo-limosos ( <i>Molinion caeruleae</i> )
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude ( <i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i> )
7110 β	Turbeiras altas activas
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
91E0 β	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> ( <i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i> )
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
9260	Soutos
9380	Acevedos

### Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Narcissus cyclamineus</i>	<i>Cerambyx cerdo</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>
	<i>Euphydryas aurinia</i>	
	<i>Geomalacus maculosus</i>	
	<i>Lucanus cervus</i>	

	<i>Margaritifera margaritifera</i>	
	<i>Oxygastra curtisii</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Barbastella barbastellus</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Lutra lutra</i>
	<i>Myotis bechsteinii</i>
	<i>Myotis myotis</i>
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

### Serra do Cando

#### Código ZEC

ES1140014

#### Rexión

Atlántica

#### Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

#### Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

#### Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014

#### Concellos

Cerdedo, Cotobade, Forcarei, A Lama e Beariz.

#### Superficie

5.458 ha.

#### Situación

Na zona centro-sudoeste de Galicia, na denominada Dorsal Galega. Nesta serra atópase o nacemento dos ríos Verdugo e Almofrei (este último tributario do Lérez). Está relativamente próxima ao río Lérez e ao río Avia, afluente do Miño. Localidades de referencia: Cerdedo, Chamadoira, Limeres, Cavadosa e Meilide (Cerdedo); Caroi, Valongo e Augas Santas (Cotobade); Alfonsín, Devesa de Arriba, Pousada, Pardesoa e Sisto (Forcarei); Escuadra, Antas, Covelo, Cambeses, Gabián, Cernedo e A Barcia (A Lama); Xigarza e Doade (Beariz).

#### Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Serra do Cando", de 5.458 ha.

#### Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitriche-Batrachion</i>
4020 β	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
6220 β	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-limosos ( <i>Molinion caeruleae</i> )
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude ( <i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i> )
7110 β	Turbeiras altas activas
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos

8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
91E0 $\beta$	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> ( <i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i> )
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

#### Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
	<i>Cerambyx cerdo</i>	<i>Rutilus arcasii</i>
	<i>Euphydryas aurinia</i>	
	<i>Geomalacus maculosus</i>	
	<i>Lucanus cervus</i>	
	<i>Oxygastra curtisii</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Barbastella barbastellus</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Lutra lutra</i>
	<i>Myotis bechsteinii</i>
	<i>Myotis emarginatus</i>
	<i>Myotis myotis</i>
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

#### **Pena Veidosa**

##### **Código ZEC**

ES1130004

##### **Rexión**

Atlántica

##### **Data declaración LIC**

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.

##### **Data declaración ZEC**

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

##### **Instrumentos de planificación**

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014

##### **Concellos**

Carballedo e San Cristovo de Cea.

##### **Superficie**

2.321 ha.

##### **Situación**

Na zona centro-meridional galega, preto do nacemento do río Arenteiro e non lonxe do río Miño (ao leste e sur deste espazo). Comarcas de Chantada e O Carballiño, provincias de Lugo e Ourense. Localidades de referencia: Castro, Aguada e Buciños (Carballedo); Confurco e Vales (San Cristovo de Cea).

##### **Outras figuras de protección**

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Pena Veidosa", de 2.321 ha.

##### **Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE**

Código	Denominación
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitriche-Batrachion</i>
4030	Queirogais secos europeos
6220 $\beta$	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxillo-limosos ( <i>Molinion caeruleae</i> )

6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude ( <i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i> )
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
91E0 $\beta$	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> ( <i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i> )
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

#### Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
	<i>Geomalacus maculosus</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>
	<i>Lucanus cervus</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Barbastella barbastellus</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Myotis myotis</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

### Monte Faro

#### Código ZEC

ES1120008

#### Rexión

Atlántica

#### Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

#### Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

#### Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014

#### Concellos

Rodeiro, Chantada e Carballedo.

#### Superficie

2.988 ha.

#### Situación

Na zona centro-meridional galega, preto do nacemento do río Arnego e non lonxe do río Miño (ao leste deste espazo). Comarcas de Chantada e Deza, provincias de Lugo e Pontevedra. Localidades de referencia: Santa Eulalia de Camba, Senra, Asperelo e Couso (Rodeiro); Requeixo e Esmeriz (Chantada); Furco (Carballedo).

#### Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Monte Faro", de 2.988 ha.

#### Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitriche-Batrachion</i>
4030	Queirogais secos europeos
6220 $\beta$	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxillo-limosos ( <i>Molinion caeruleae</i> )
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano

	a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude ( <i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i> )
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
91E0β	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> ( <i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i> )
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

#### Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
	<i>Lucanus cervus</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Barbastella barbastellus</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Myotis myotis</i>
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

#### ☞ A Coherencia da REDE NATURA 2000

O obxectivo das redes de áreas naturais protexidas de non debe ser tan só preservar especies raras ou ameazadas, ou mostras representativas ou singulares de ecosistemas pouco alterados, senón preservar a integridade ecolóxica dos ecosistemas, o que supón garantir que a súa composición de especies, a súa estrutura ecolóxica e as súas funcións non se vexan alteradas significativamente como consecuencia das actividades humanas e asegurar que os procesos ecolóxicos dos que depende mantéñanse en condicións naturais.

Unha rede ecolóxica é un sistema coherente de elementos naturais ou semi-naturais, establecido e xestionado co obxectivo de manter ou restaurar as funcións ecolóxicas como medio para conservar a biodiversidade. Para iso, é esencial manter tamén a conectividade ecolóxica entre os espazos que compoñen a rede

No ámbito nacional, o artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece que co fin de mellorar a coherencia ecolóxica e a conectividade da Rede Natura 2000, as comunidades autónomas, no marco das súas políticas ambientais e de ordenación territorial, fomentarán a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión daqueles elementos da paisaxe e áreas territoriais que resultan esenciais ou revistan primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora silvestres.

A Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia no artigo 87.1 desta lei, manifesta o seguinte:

“Para mejorar la coherencia y la conectividad ecológica del territorio, la Administración autonómica fomentará en su planificación ambiental la conservación de corredores ecológicos y la gestión de aquellos elementos del paisaje y áreas territoriales que resulten esenciales o revistan primordial importancia para la migración, la distribución geográfica y el intercambio genético entre poblaciones de especies de fauna y flora silvestres, teniendo en cuenta los impactos futuros del cambio climático.”

#### ☞ A ESPECIAL AFECCIÓN DO PROXECTO Á SERRA DO CANDÁN: IMPACTOS SIGNIFICATIVOS E IRREVERSIBLES SOBRE A FAUNA E A FLORA

A fauna da serra do Candán vaise a distribuír principalmente entre os sistemas fluviais, as zonas de matogueiras e a dos bosques.

Nos primeiros podemos destacar os seguintes anfibios: a salamántiga (*Chioglossa lusitanica*), a píntega (*Salamandra salamandra*), a rá verde (*Rana perezi*), a rá patilonga (*Rana iberica*) ou o sapo común (*Bufo bufo*). O grupo dos reptís aparecen en menor número cós anteriores pero hai a presenza de tres endemismos ibéricos: o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*), a lagartixa galega (*Podarcis bocagei*) e a víbora de Seoane (*Vipera seoanei*).

A boa conservación das formacións vexetais autóctonas principalmente nos bosques das ribeiras e dos cursos fluviais do concello, favorece a pervivencia dun gran número de aves nestes espazos, das que salientamos as seguintes: a garza real (*Ardea cinerea*), o martiño peixeiro (*Alcedo atthis*), o ferreiriño real (*Parus major*), o gaio (*Garrulus glandarius*), o verderolo (*Carduelis chloris*), o ouriolo (*Oriolus oriolus*) e o bufo real (*Bubo bubo*).

Nos mamíferos dentro dos bosques de ribeira e cursos fluviais aparece un endemismo, a do rato de almizcre (*Galemys pyrenaicus*). Outros mamíferos presentes no val son: a lontra (*Lutra lutra*), o orizo cacho (*Erinaceus europeus*), o turón (*Mustela putorius*) e a rata cintenta (*Rattus rattus*).

Moitos destes animais non só están nestes medios senón que tamén se desprazan cara outros; destes xeito, nos bosques e matogueiras ademais de atopar algúns animais anteriores tamén poderemos ver anfibios como a pintafontes común (*Triturus boscai*) e o sapo corriqueiro (*Rana iberica*); reptís como o lagarto ocelado (*Lacerta lepida*), a cobra lagarteira común (*Coronella austriaca*) ou nas matogueiras o escancer común (*Anguis fragilis*); tamén un bo número de aves voarán sobre a Serra do Candán, como o miñado abelleiro (*Pernis apivorus*), o azor (*Accipiter gentilis*), o bufo real (*Bubo bubo*), o peto real (*Dendrocopos major*) e o ferreiriño cristado (*Parus cristatus*) nos bosques, a gatafornela (*Circus cyaneus*), a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*), o pasallás (*Coturnix coturnix*), a curuxa (*Tyto alba*), o moucho das orellas (*Otus scops*), o falcón peregrino (*Falco peregrinus*) e a andoriña dos penedos (*Ptyonoprogne rupestris*) nas matogueiras, e o miñado común (*Buteo buteo*), o falcón pequeno (*Falco subuteo*), a papuxa cabecinegra (*Sylvia melanocephala*), a papuxa común (*Sylvia communis*), o pardal montés (*Passer montanus*), a escribenta riscada (*Emberiza cia*) e a escribenta común (*Emberiza circlus*) en ambos.

Por último queda o grupo dos mamíferos, os cales teñen unha alta diversidade nos concellos afectados: aparecen catro endemismos, o rato de almizcre (*Galemys pyrenaicus*) que aparece nos sistemas fluviais, o furafollas ibérico (*Sorex granarius*), o coello bravo (*Oryctolagus cuniculus*) e a lebre (*Lepus granatensis*). Ademais destes, outros mamíferos representativos dos bosques e matogueiras son o rato do campo (*Apodemus sylvaticus*), o lobo (*Canis lupus*), o raposo (*Vulpes vulpes*), a denociña (*Mustela nivalis*), a fuiña (*Martes foina*), o teixugo (*Meles meles*), o gato bravo (*Felis sylvestris*) e o xabarín (*Sus scrofa*).

O proxecto do parque eólico Suído I implicaría unha afección moi severa e prexuízos irreparables para:

*Circus pygargus*

*Circus cyaneus*

*Bubo bubo*

*Myotis bechsteinii*

*Miniopterus schreibersii*

*Myotis emarginatus*

*Plecotus auritus*

*Rhinolophus ferrumequinum*

*Miniopterus schreibersii*

*Myotis bechsteinii*

*Myotis emarginatus*

*Myotis myotis*

*Rhinolophus hipposideros*


A afección para os morcegos preséntase moi severa tendo en conta a mancha de infraestruturas eólicas que hai na entorna do parque eólico Suído I.

### **Bufo real (*Bubo bubo*)**

O principal problema que encontrou é a diminución da súa presa principal, o coello, o que fai oscilar as súas poboacións fortemente.

Categoría de conservación

**Vulnerábel.**



## Gatafornela (*Circus cyaneus*)

### Hábitat


Prefire zonas de certa altitude, con zonas de matogueira densa.

### Estado de conservación

A súa principal ameaza reside na destrución e alteración do seu hábitat por motivo do desecamento das marismas e estuarios, dos cambios na agricultura e a transformación dos pasteiros en plantacións de eucaliptos.

### Categoría de conservación

### Vulnerábel.



## VULNERACIÓN FLAGRANTE DA DIRECTIVA 92/43/CEE, RELATIVA Á CONSERVACIÓN DE HÁBITATS NATURAIS E DA FAUNA E FLORA SILVESTRES.

### “Artigo 2

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.

### “Artigo 6

1. Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.

2. Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.

3. Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo con devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública”.

### **PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS E DANOS IRREVERSIBLES PARA OS HÁBITATS PRIORITARIOS E DE INTERÉS COMUNITARIO:**

4030 Brezais secos europeos, 4020\* Brezais húmidos atlánticos de zona tépedas de Erica ciliaris e Erica tetralix, 4090 Brezais oromediterráneos endémicos con aliaga, 9230 Carballeiras galaicoportuguesas con Quercus robur e Quercus pirenaica, 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira 91E0\* Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior 3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo 6230\* Formacións herbosas con Nardus 8220 Ladeiras e saíntes rochosos silíceos con vexetación casmofítica 3150 Lagos e lagoas eutróficos naturais, con vexetación Magnopotamion ou Hydrocharition 5110 Formacións estables xerotermófilas de Buxus sempervirens en pendentes rocosas, 6430 Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino, 3170\* Estanques temporais mediterráneos.

O proxecto elimina de forma irreversible unha parte importante destes hábitats vulnerando de forma flagrante a normativa que obriga a súa preservación nun estado de conservación favorable.

A lonxitude total de gabias proxectadas é de 17.061 metros e a lonxitude total dos camiños novos é 6.932 m.

Cómpre ter en conta que a liña eléctrica aérea de Alta Tensión do proxecto discorrerá polos termos municipais do Irixo, Boborás e Beariz, provincia de Ourense. A súa lonxitude aproximada será de 10.303,82 metros, sen incluír os vans destensados de conexión ás distintas subestacións. Está formada por 40 apoios cos correspondentes viais de acceso a cada un deles. A elo hai que engadir a subestación para a que se prevé una ocupación definitiva de chan, 19.278 m<sup>2</sup>.

Pero é que ademais nunha entorna de 10 km rexístrase a existencia de máis 220 aeroxeradores dos máis de 28 parques eólicos en distintas fases de tramitación. A isto hai que engadir parques como o Paraño Oeste, que incrementaría o número de aeroxeradores anterior.

Así nunha entorna de 10 km existen as seguintes liñas de alta tensión:

- Unha liña de alta tensión de Rede Eléctrica Española, correspondente á liña de 380-400 kV, tramo Beariz-Cartelle, con 21.691,7 m dentro do ámbito.
- Unha liña de alta tensión de Union Fenosa Distribución, de 132 kV, O Irixo – Carballiño, cunha lonxitude de 3.405,8 m dentro do ámbito.
- Tres liñas de 220 kV, en parte Oeste do ámbito, que teñen unha lonxitude total de 37.101 m dentro do ámbito.

Ademais, tense coñecemento das seguintes liñas de alta tensión proxectadas na contorna:

- A liña 132 kV, O Irixo – Lalín, cuxo Proxecto Sectorial recóllese no Plan Básico Autonómico, cunha lonxitude de 15.705 m dentro do ámbito.
- Unha liña 132 kV, As Penizas – Paraño, que parte da SEC Paraño cara ao NON, cunha lonxitude dentro do ámbito de 11.156 m.
- Dúas liñas de 400 kV de REE, que parten da SE Beariz cara ao Sur e cara ao Leste, cunha lonxitude de 11.442 e 2.158 m, respectivamente.

Doutra banda, conxuntamente con este proxecto está previsto o desenvolvemento do proxecto Instalacións de Conexión á Rede Eléctrica Beariz 400 kV – Eixo Sur, que discorre polos termos de Beariz e Aviión en Ourense e A Lama en Pontevedra, cunha lonxitude de 11.441,8 m dentro do ámbito de 10 km considerado.

Polo tanto a afección de tal cúmulo de infraestruturas na mesmo espazo xeográfico está sen estudar e por ende, descoñécese o impacto destas afeccións sobre os ecosistemas. O que sí está claro é que a perda de biodiversidade e a fragmentación do territorio é máis que evidente.

Pero é que ademais existen outros proxectos no mesmo ámbito xeográfico que axudan a fragmentar aínda máis o territorio e incrementan a conseguinte perda de biodiversidade:



OT07048 - Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal L.A. T. 132 kV O Irixo-Lalín

O proxecto sectorial da L.A. T. 132 O Irixo-Lalín presenta incidencia sobre o termo municipal do Irixo (Ourense). As infraestruturas obxecto do presente Proxecto Sectorial discorrerán tamén polo termo municipal do Irixo.

OT04026 - Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal Parque eólico Irixo (fase 1)

O proxecto sectorial do Parque eólico Irixo (Fase 1), ten incidencia sobre o termo municipal do Irixo (Ourense).

OT01010 - Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal Parque eólico Ameixeiras e Testeiros

O proxecto sectorial do Parque eólico Ameixeiras e Testeiros, ten incidencia sobre o termo municipal do Irixo (Ourense).

OT13014 - Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal Parque eólico Paraño Oeste

O proxecto sectorial do Parque Eólico Paraño Oeste, ten incidencia sobre o termo municipal de Beariz (Ourense).

OT01021 – Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal Minicentrais da Merca, Cardelle, Porto e Edo Baixo.

O proxecto sectorial das minicentrais da Merca, Cardelle, Porto e Edo Baixo, constituído polos catro aproveitamentos hidroeléctricos mencionados, presenta incidencia sobre os termos municipais de Allariz, A Merca, Avión, Beariz, A Teixeira e Castro Caldelas (Ourense).

OT12209 - Plan Sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por Retegal.

O trazado da LAT 132 kV SEC Valdepereira – SEC Paraño, no tramo SEC Valdeperreira- SEC A Estivada, discorre próximo a unha infraestrutura existente RTGA ( RTGA32035015\_ IRIXO).

Isto demostra que o territorio onde se prevé a localización do proxecto xa conta con un importante número de infraestruturas e que tanto o presente proxecto como os 25 parques eólicos que se prevén instalar deixarán un espazo fortemente fragmentado e dividido con prexuízos considerables para a biodiversidade, os hábitats e as especies.

### **PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS E IRREPARABLES PARA O BOSQUE DE RIBEIRA E O BOSQUE AUTÓCTONO GALEGO OU ANCIENT WOOD:**

\*\*Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

*“Artigo 2 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado. 2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.*

No presente proxecto a afección aos bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* Hábitat 91E0\* é moi preocupante, xa que implica a eliminación irreversible de exemplares, contrariamente ao que prescribe a Directiva citada.

Pero tamén é moi preocupante a afección severa e irreversible ás Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* 9230, hábitat non prioritario pero que igualmente existe o deber das Administracións públicas do seu mantemento nun estado de conservación favorable. A afección máis importante e severa prodúcese sobre dos numerosos cauces innominados afectados polas infraestruturas e que están sen codificar.

**9.- Prexuízos irreversibles para o Lobo e para a viabilidade da especie derivados da instalación das infraestruturas do proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV, eixe leste, sitas nos concellos de Beariz, Boborás e O Irixo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/175) e dos 25 parques eólicos da área do proxecto. Afección aos seus puntos de encame e puntos de encontro lobeiros.**

O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie. Falla de avaliación por parte da promotora. **Pero esta avaliación deberá ser previa á ubicación dos parques eólicos** e avaliar os seus impactos sinérxicos e acumulados coa totalidade de parques e infraestruturas de evacuación xa instaladas e aprobadas e pendentes de execución na mesma área xeográfica. Hai que ter en conta que a corta de matogueira e a ocupación do terreo ten impactos significativos para a especie. Polo tanto, antes de escoller o emprazamento do parque xa se debera prever estes puntos de encame e de encontros lobeiros. O proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV prevé a eliminación destes puntos de encontro e encame causando prexuízos irreversibles para a especie. Non se seguiron os criterios dos expertos que indican:

“• Na fase de planificación dun novo parque eólico (fase proxecto) consúltense as fontes dispoñibles acerca da presenza de mandas de lobos na zona. Desta maneira, tendo en conta os requirimentos da especie e o que se coñece do efecto dos parques eólicos sobre os lobos, poden minimizarse, e mesmo, evitarse impactos negativos sobre este cánido, modificando a disposición das infraestruturas e alonxando estas dos puntos de encame e puntos de encontro das manadas de lobos.

• É conveniente que durante a planificación dun parque eólico identifiquense as principais manchas de vexetación arbustiva e evítese, na medida do posible, a súa fragmentación e destrución”.


A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial.

O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista 9 única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica.

O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguente Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

## ☞ POSIBLE AFECCIÓN SEVERA E IRREVERSIBLE Á ESPECIES ENDÉMICAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN OU VULNERABLE.

### Eryngium duriaei subsp. juresianum (Eryngium duriaei subsp. juresianum)



#### Descrición

Planta de máis de 1,5 m de altura. Da roseta basal sae un ou varios talos terminados en inflorescencia cilíndrica. Presenta follas coriáceas, de bordo recortado, as da roseta basal case planas e de bordo pouco recortado.

#### Demografía

Existen algunhas poboacións, que presentan unha flutuación grande no número de individuos entre anos consecutivos.

#### Hábitat

Aínda que pode penetrar no sotobosque de carballeiras, prefire solos despexados, sendo especie pioneira na colonización de áreas acabadas de queimar.

#### Distribución

Localízase na serra do Xurés e de Santa Eufemia e nos montes do Invernadoiro (Ourense), na serra do Candán (Pontevedra) e nos montes do Pindo (A Coruña). Están incluídas nos parques naturais de Baixa Limia-Serra do Xurés e Serra do Invernadoiro e nos LIC Serra do Candán e Carnota-Monte Pindo.

Estado de conservación

Unha poboación ameazada é a da serra do Candán debido ao seu baixo número de individuos. A poboación do Invernadoiro parece ter problemas de hibridación con *E. duriaei* subsp. *duriaei*. As poboacións poden verse desprazadas co aumento de vexetación de maior porte.

Categoría de conservación

**En perigo de extinción.**

Nome común *Eryngium duriaei* subsp. *juresianum* Nome científico *Eryngium duriaei* subsp. *juresianum* Clase Plantas superiores  
Familia Umbelliferae

**Xiphion boissieri (Henriq.) Rodion. in Galicia**

<https://www.researchgate.net/publication/337083051> **Nueva localidad de presencia de Xiphion boissieri Henriq Rodion en Galicia A new locality for Xiphion boissieri Henriq Rodion in Galicia**

229. NUEVA LOCALIDAD DE PRESENCIA DE XIPHION BOISSIERI (HENRIQ.) RODION. EN GALICIA Jorge MOURIÑO\*, Manuel ROMEU y Rafael SALVADORES



Figura 1. Ejemplar de *Iris boissieri* en su hábitat en la Serra do Testeiro. (Foto M.Romeu).

**Ranunculus bupleuroides subsp. bupleuroides (Vulnerable).**



O documento “ESTRATEGIA DE CONSERVACIÓN Y DE LUCHA CONTRA AMENAZAS DE PLANTAS PROTEGIDAS EN AMBIENTES RUPÍCOLAS”, aprobada pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente de 26 de xullo de 2018, establece para a conservación destas especies:

[https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/publicaciones/estrategiarupicolasaprobadaenconferenciasectorial26jul2018\\_tcm30-469098.pdf](https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/publicaciones/estrategiarupicolasaprobadaenconferenciasectorial26jul2018_tcm30-469098.pdf)

#### 5. OBJETIVOS

*Respecto a las especies de la Estrategia, se establecen los siguientes objetivos:*

- 1. Luchar contra sus principales amenazas o factores de riesgo, reduciendo, eliminando o minimizando sus efectos.*
- 2. Mejorar el estado de conservación de las poblaciones.*
- 3. Garantizar la conservación ex situ de su germoplasma y su disponibilidad como apoyo a la conservación in situ.*
- 4. Proteger, mejorar o mantener sus biotopos.*
- 5. Fomentar la implicación de los sectores en la conservación de las plantas de la Estrategia.*
- 6. Realizar el seguimiento de su estado de conservación y tendencias e incrementar los conocimientos sobre ellas.*
- 7. Sensibilizar, concienciar y promover la participación para su conservación.*
- 8. Mejorar la coordinación intra e interadministrativa y aprobar planes u otros instrumentos normativos para favorecer su conservación.*

#### **Outras ZEC afectadas:**

ZEC ES1120008 Monte Faro.

ZEC ES1140001 Sistema fluvial Ulla –Deza.

ZEC ES1140015 Sobreirais do Arnego.

ZEC ES1130004 Pena Veidosa.

Afección paisaxística severa e irreversible ao Monumento Natural Fraga de Catasós. Fragmentación e perda da conectividade ecolóxica entre espazos de alto valor ambiental.

#### **▮ Afección severa e irreversible a especies protexidas:**

- *Eryngium duriaei* subsp. *juresianum* (En Perigo). Cuadrícula 29 TNH61 (Poligonal PE Valdepereira).

• *Ranunculus bupleuroides* subsp. *bupleuroides* (Vulnerable). Cuadrículas 29 TNH60 (Poligonal PE Valdepereira) e 29 TNH71 (Poligonal PE Pico Seco)

• No que se refire ao PE de Valdepereira, cabe indicar que o ámbito correspondente á cabeceira do rego de Chedas, situada no extremo NW da poligonal, asóciase á proposta de zonificación como “Área Prioritaria” para *Galemys pyrenaicus* (Vulnerable).

☞ **Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.**

### **Artigo 91. Catálogo galego de especies ameazadas.**

1. No seo da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia inclúese o Catálogo galego de especies ameazadas, que se configura como unha sección da devandito listaxe. O contido deste catálogo desenvolverase regulamentariamente.

2. O Catálogo galego de especies ameazadas incluírá, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle, as especies, subespecies ou poboacións de competencia autonómica conforme ao previsto no artigo 4 que, achándose ameazadas, requiran medidas de protección específicas. Estas especies ameazadas clasificaranse nalgunha das categorías seguintes:

a) En perigo de extinción.

Incluíranse nesta categoría aqueles taxones ou poboacións cuxa supervivencia é pouco probable se persisten os factores causantes da súa actual situación.

Dentro desta categoría procede declarar unha especie en situación crítica cando do seguimento ou avaliación do seu estado de conservación resultase que existe un risco inminente de extinción.

b) Vulnerable.

Incluíranse nesta categoría aqueles taxones ou poboacións que corren o risco de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre eles non son corrixidos.

3. A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación de competencia autonómica, conforme ao previsto no artigo 4, no Catálogo español de especies ameazadas ao que se refire o artigo 58 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, conlevará a súa inclusión de oficio no Catálogo galego de especies ameazadas, na mesma categoría ou na categoría superior á que tivesen no primeiro.

4. Decláranse de utilidade pública e interese social, para os efectos do previsto na lexislación sobre expropiación forzosa, as obras necesarias para a conservación das especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, especialmente as que teñan carácter de emerxencia e urxencia, segundo os casos.

### **Artigo 95. Efectos da inclusión no Catálogo galego de especies ameazadas.**

1. Ademais dos efectos previstos no artigo 93, a inclusión dunha especie, subespecie ou poboación no Catálogo galego de especies ameazadas terá os efectos seguintes:

a) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de «en perigo de extinción» conlevará, nun prazo máximo de tres anos, a adopción dun plan de recuperación, **o cal incluírá as medidas máis adecuadas para restablecer as poboacións naturais a un estado que limite o seu risco de extinción.**

b) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de «vulnerable» conlevará a adopción, nun prazo máximo de cinco anos, dun plan de conservación, **o cal incluírá as medidas máis adecuadas para preservar, manter e restablecer as poboacións naturais facéndoas viables.**

2. Os plans de recuperación e conservación fixarán medidas de conservación e instrumentos de xestión, específicos ou integrados noutros plans, que eviten as afeccións negativas para as especies.

3. Para aquelas especies, subespecies ou poboacións que comparten os mesmos problemas de conservación, hábitats ou ámbitos xeográficos similares poderán elaborarse plans que comprendan varias especies, subespecies ou poboacións simultaneamente, denominándose en leste caso plans integrais.

4. Os plans de recuperación ou conservación ou os plans integrais das especies, subespecies ou poboacións que vivan exclusivamente ou en alta proporción nalgún dos espazos naturais protexidos incluídos na Rede galega de espazos protexidos ou en áreas protexidas por instrumentos internacionais poderán integrarse nos seus correspondentes instrumentos de planificación.

**5. A realización ou execución de calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable a especies incluídas nos anexos II ou IV da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que fosen catalogadas, no ámbito estatal ou autonómico, como en perigo de extinción unicamente poderase levar a cabo cando, en ausencia doutras alternativas, concorran causas relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, as relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente ou outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde.** A xustificación do plan, programa ou proxecto e a adopción das correspondentes medidas compensatorias levará a cabo conforme ao previsto no artigo 84.3, salvo polo que se refire á remisión das medidas compensatorias á Comisión Europea.

### **AFECCIÓN SEVERA AO PATRIMONIO CULTURAL E ARQUEOLÓXICO E A SÚA DESCONTEXTUALIZACIÓN:**

Afección severa a:

- ✚ As Minas do Coto da Lebre (REF32035016).
- ✚ O Foxo (GA32035024)
- ✚ O Coto da Pena Negra
- ✚ O Morico da Pena Negra (GA32035026)
- ✚ O Coto do Castrelo (REF36024002)

Pero cómpre ter en conta a afección producida polo proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV, eixe leste, sitas nos concellos de Beariz, Boborás e O Irixo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/175):

- ✚ Mamóa de A chancela 1 GA32011003
- ✚ Mamóa de A chancela 2 GA32011012
- ✚ Petroglifo de A chancela GA32011009
- ✚ Morico da Pena GA32035026
- ✚ Campo de Hórreos de Sonelle 219 PXOM de Boborás

O estudo patrimonial da promotora é moi deficiente. Contrariamente ao que se indica no estudo existen indicios máis que evidentes e razoables da existencia de máis patrimonio arqueolóxico. Pero ademais, e posto que estamos a falar dunha área xeográfica de moitos regos, regatos e ríos, existen un bo número de pontellas nos portos existentes para o cruzamento dos ríos, canles, batáns, muiños de maquia, portos e muiños. Un sinfín de patrimonio vencellado á grandeza dos recursos hídricos da zona de afección do proxecto e obviado pola mercantil promotora.

Non se analizan topónimos como Portiño, Peneladas, Pena Furada, As Eiras, Val das Eiras, Pena Furado, Cima Maxol, A Pena da Freixa, a Pena do Gato, a Zarra do Muiño (polígono 271 parcela 587 aprox.), Portiño (outro paso fluvial no polígono 271 parcela 69 aprox. de Lalin), Coto da Moa, Coto da Moura...etc. e óbvianse os muiños, as pontellas, o antigo Camiño Real...etc. E outros topónimos importantes como o Casteliño no polígono 270, parcela 222 do municipio de Lalín.

A promotora obvia o impacto sinérxico sobre o patrimonio da totalidade dos parques eólicos e as súas infraestruturas de evacuación. Así por exemplo, o Morico da Pena tamén está afectado polo proxecto eólico Valdepereira. O mesmo ocorre con outros bens. O EIA obvia a toponimia, a microtoponimia, as lendas, a arqueoloxía da Paisaxe e o patrimonio olfativo e auditivo do ámbito de afección do proxecto.

Os Poderes Públicos están obrigados pola lei e as diferentes recomendacións e tratados internacionais ratificados polo Reino de España a unha actuación positiva, ampla e decidida na conservación, defensa e posta en valor dos Bens Culturais, Patrimoniais e Arqueolóxicos dado o seu carácter de bens inalienables de dominio público derivado da súa utilidade pública de máxima prevalencia fronte a calquera outra (Velasco, 2002).

Pero a súa vez, é deber inalienable por parte dos Poderes Públicos de protexer o contorno, ámbito, contexto, escenario ou ambiente dos bens culturais e arqueolóxicos evitando a súa descontextualización é un imperativo central repetido pola lexislación e os diferentes tratados e recomendacións internacionais sobre o patrimonio (Pose & Abuín, 2020). Nese sentido referenciamos a abordaxe desta cuestión que fai entre outras a Carta de Atenas de 1931, a Carta de Venecia de 1964, a Comisión Francischini de 1967, a Carta de Quito de 1967, a Convención da Unesco sobre Patrimonio Mundial de 1972, a Carta Europea do Patrimonio Arquitectónico de 1975 do Consello de Europa, a Recomendación de Nairobi de 1976, o Terceiro Simposio Europeo de Múnic de

1978, a Convención de Granada de 1985, a Carta de Cracovia de 2000, o Convenio de Florencia ou a Declaración de Xi'an de 2005.

Non cabe pois descontextualizar o patrimonio cultural nin desvencellalo da paisaxe como se fai no estudo de impacto ambiental.

☞ **Patrimonio cultural inmaterial: sen avaliar.**

☞ **Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUIFEROS:**

O obxecto da presente Directiva é establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que:

a) *preveña todo deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e húmidos directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos.*

O estudo hidrolóxico presentado pola mercantil promotora non existe como tal. Non permite coñecer o estado dos cauces afectados polas obras, nin contempla medicións de caudal, nin da calidade das augas...etc. O estudo hidroxeolóxico non permite coñecer que masas de auga soterradas vanse ver afectadas, nin cal é a calidade destas, nin en qué puntos se van a producir as afeccións.

Existen multitude de recursos hídricos na área de afección do proxecto obviados pola mercantil promotora.

A mercantil promotora obvia que as infraestruturas do parque prevese a súa localización preto das nascencias dos cauces, en zonas ribeiregas con cauces e húmidos. O impacto aos recursos hídricos puidera ser irreversible. A rotura dun acuífero podería deixar sen auga á poboación e incluso a fontes e cauces.

Ao anterior hai que engadir o impacto sobre os recursos hídricos xerados polos parques eólicos previstos e en tramitación na entorna e as súas infraestruturas de evacuación.

A Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, insta os estados membros da UE para fomentar a xestión dos elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para a fauna e a flora silvestres. Trátase daqueles elementos que, pola súa estrutura lineal e continua (como os ríos coas súas correspondentes ribeiras ou os sistemas tradicionais de deslinde dos campos), ou polo seu papel de puntos de ligazón (como os estanques ou os soutos) resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

Na lexislación española, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007 (Modificada pola Lei 33/2015. BOE 227, 22/11/2015) define corredor ecolóxico como: "o territorio, de extensión e configuración variables, que, debido á súa disposición e ao seu estado de conservación, conecta funcionalmente espazos naturais de singular relevancia para a flora ou a fauna silvestres, separados entre si, permitindo, entre outros procesos ecolóxicos, o intercambio xenético entre poboacións de especies silvestres ou a migración de espécimes desas especies" (Lei 42/2007. Art. 3).

A preservación da conectividade e a integridade ecolóxica da rede de espazos naturais constitúe un requisito legal imposto polos Directiva Hábitats e pola propia Lei 42/2007. Considerando en ambos os casos a importancia dos corredores ecolóxicos como elementos de unión entre os espazos de alto valor ambiental, as consideradas como zonas núcleo de biodiversidade, representados estes últimos polas áreas protexidas, así como polas áreas que, sen ser designadas legalmente baixo unha figura de protección, manteñen unha elevada biodiversidade.

Dos distintos tipos de corredores ecolóxicos que poden recoñecerse no NW Ibérico (montañosos, fluviais, litorais e mariños), son os corredores fluviais os que de forma máis efectiva favorecen o refuxio, movemento e dispersión dun gran número de especies silvestres, pertencentes a distintos grupos taxonómicos e a distintos tipos de ambientes (terrestres, semiterrestres, acuáticos), servindo ademais de conexión efectiva entre os corredores montanos e as zonas núcleo de biodiversidade, coas establecidas no espazo litoral e mariño.

O concepto de corredor fluvial vai aparelado ao propio concepto de río, que representa moito máis que unha simple masa de auga que circula por un leito. O corredor fluvial abarca o conxunto do territorio fluvial, é dicir, o río na súa canle de estiaxe, a vexetación de ribeira e o espazo que ocupan as augas durante as crecidas, xunto coa cuberta vexetal asociada.

Os corredores fluviais, ademais do seu valor ecolóxico intrínseco, cumpren dúas funcións fundamentais, como conectores ecolóxicos e como reguladores hidrolóxicos.

Respecto ao valor ecolóxico, os corredores fluviais albergan ecosistemas asociados ao río tanto acuáticos como terrestres e de interface entre ambos, configurando un espazo de elevada biodiversidade que funciona como refuxio para moitas especies vinculadas ao ámbito fluvial. Este valor ecolóxico singular vese incrementado pola función fundamental de conectores ecolóxicos entre ecosistemas acuáticos e terrestres e entre zonas de alto valor ambiental territorialmente afastadas. Esta función reviste unha especial importancia ao atoparse moi fragmentados os ecosistemas terrestres por infraestruturas e diversos usos do chan. Neste contexto, os corredores fluviais representan os conectores máis válidos, ou polo menos os máis funcionais, para interconectar poboacións de seres vivos que doutra maneira quedarían illadas.

Finalmente, no seu papel de reguladores hidrolóxicos actúan como laminadores do caudal e das cargas de sedimento que arrastra o río en períodos de crecida, dissipando parte da súa enerxía, reducindo os danos asociados e recargando os acuíferos. Desta maneira, o río transporta tanto sedimentos ata as praias como nutrientes aos estuarios e augas costeiras, cos consecuentes beneficios ecolóxicos e económicos asociados.

**Afección severa e prexuízos irreversibles para o sistema de brañas e humidais da zona de afección do proxecto:**

Existen varios humidais, brañas e charcas afectadas pola instalación dos aeroxeradores. Cómpre ter en conta que as infraestruturas afectan de forma irreversible a estes espazos. Ademais os aeroxeradores aséntanse practicamente sobre humidais, brañas e lagoas. A propia toponimia xa indica que estamos en presenza de humidais, Brañas e Lagoas. A afección aos recursos hídricos é irreversible. As importantes remocións de toneladas de terra para a instalación das cimentacións e plataformas dos aeroxeradores pode romper acuíferos e afectar seriamente ás masas de auga soterradas. Os humidais son fontes de vida, xa que o 40 % das especies do mundo viven ou se reproducen nestes espazos. Tamén son fonte de auga limpa e de alimento, de feito, unha de cada sete persoas depende dos humidais para o seu sustento. Os servizos que brindan os humidais son incalculables e insubstituíbles.

Existe un bo número de humidais na área de afección do proxecto eólico Suído I e da solución de evacuación. Existen unha serie de espazos que presentan características higrófilas propias dos humidais como:

Municipio	Polígono	Parcela	Nome
Dozón	253	303, 304...	O Val Grande
Dozón	253	354, 355, 292...	O Val das Eiras ( val ribeirego dun afluente que nace na paraxe da Cernadela e que tributa no rego das Seixas)
Dozón	253	301, 279, 282...	O Val Pequeno
Dozón	253	850	O Val Gallada
Lalín	269	829, 831	O Val Barreiro Riba
Lalín	270	2, 6, 69, ...	O Rego Zanca (paraxes ribeiregas do rego Zanca e do arroio de Lebozán, que nace no Coto da Moa)
Lalín	270	170, 171...	A Fonte da Grade
Dozón	253	381	O Val das Cerbas (á beira da Ferverza e o val da Canle)
Dozón	253	273	O Val Trigás
Lalín	270	214 e seguintes	O Val do Burato (neste val nace un rego innominado que xunto con outro que nace no Coto do Casteliño tributan no río Abeleda configurando o seu val fluvial)
Lalín	270	343, 349, 350 ...	Rego Dauga Arriba (no límite entre Lalín e Dozón e á beira da paraxe das Covas)
Lalín	270	626, 628, 629, 630, 632...	Rego das Anellas
Dozón	354	689	Val do Rego do Foxo que dá orixe ao rego das Seixas
Dozón	354	703	O Val da Casiña no Coto do Foxo
	272	527, 529, 530, 531...	O Val da Uce
Lalín	274	126, 127, 128, 129...	A Zarra Xestoso (paraxes ribeiregas dun afluente do río Lebozán)
Lalín	271	1166	O rego Zanca (ribeiras do arroio de Lebozán)
Lalín	271	2	A Zarra de Feás
Lalín	271	29, 24, 35, 36....	As Brañas de Feás
Lalín	271	1401, 1402, 1403, 1405, 1406, 1186...	Feás ou Tras Val da Canda (paraxes ribeiregas do rego de Penidos)

A inscrición dun humidal no Inventario de humidais de Galicia deixará constancia, como mínimo da súa dentificación, denominación e descrición, codificación e denominación do humidal, descrición xeral do humidal, tipoloxía, localización e superficie, localización xeográfica, administrativa e hidrolóxica, superficie do humidal, hábitats, vexetación e flora, fauna, réxime de



protección, plans e medidas de conservación, estado de conservación e cartografía. Así o establece o DECRETO 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e créase o Inventario de humidais de Galicia (DOG Núm. 122, do 25 de xuño de 2008), ao que xa de entrada incorporáronse os 5 humidais Ramsar declarados polo Estado en Galicia. Esta norma tamén criaba o Inventario de Humidais de Galicia (IHG), paso previo para incorporar novos humidais protexidos. Porén, malia que dende 2003 o IBADER xa tiña elaborado un Inventario con máis de 1.100 humidais galegos, non se tramitou a protección destes espazos e en 15 anos só se declarou un humidal máis como protexido: o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Polo tanto e ao abeiro dos artigos 13, 14 e Anexo III do DECRETO 127/2008, do 5 de xuño os humidais previstos na área de afección do proxecto eólico Suído I e a súa LAT de evacuación están sen inventariar e sen delimitar. Non se pode protexer os humidais que están sen inventariar nin delimitar.

Así o artigo 13º.-Creación do Inventario de humidais de Galicia, indica:

*1. Créase o Inventario de humidais de Galicia que se configura como o instrumento que recollerá de forma sistemática os humidais situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen incluídos nalgunha das tipoloxías establecidas no anexo II.*

*Incluíranse neste inventario aqueles sistemas naturais, seminaturais ou artificiais que poidan ser adscritos a algún dos tipos establecidos na clasificación dos humidais do Convenio Ramsar e cuxo interese ambiental poida ser corroborado con calquera dos sistemas homologados internacionalmente (Convenio de Ramsar, Directiva 79/409/CEE, Directiva 92/43/CEE, UICN) para a caracterización da biodiversidade a nivel dos seus compoñentes bióticos e das ecofuncións que estes realizan no sistema.*

*2. A identificación e delimitación dos humidais realizarase seguindo criterios hidrolóxicos, edáficos, paleoecolóxicos, sedimentolóxicos, botánicos e baseándose na identificación de hábitats característicos dos humidais de Galicia.*

*3. Para a determinación do interese ambiental de cada humidal priorizarase a riqueza e estado de conservación dos hábitats tipificados no anexo I da Directiva 92/43/CEE. Nun segundo nivel, considerarase a existencia de poboacións de especies tipificadas na propia Directiva 92/43/CEE ou na Directiva 79/409/CEE, así como noutros catálogos oficiais (Convenio de Berna, CITES, Especies Ameazadas) ou elaborados por organismos non gobernamentais de recoñecido prestixio internacional (UICN). Complementarase finalmente coa valoración das funcións (recarga ou descarga de acuíferos, retención de nutrientes, control de avenidas...) que poden desempeñar os humidais e, finalmente, polo seu interese no ámbito científico, paisaxístico, educativo e turístico.*

E o artigo 14º referido ao Contido e natureza do Inventario indica:

*1. O Inventario de humidais de Galicia constitúe un rexistro público de natureza administrativa dos humidais localizados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*2. A inscrición dun humidal no Inventario de humidais de Galicia deixará constancia, como mínimo, os datos que aparecen indicados no anexo III, entre os que figuran os relativos á localización e superficie (localización xeográfica, localización administrativa, localización hidrolóxica, superficie do humidal, hábitats...etc).*

Polo tanto ao non delimitarse debidamente os humidais do Inventario dificilmente se poden identificar, controlar e moito menos cumprir cos obxectivos de calidade destas masas de auga que esixe a DMA e por tanto, xa non habería ningún obxectivo ambiental que cumprir, abandonando a súa sorte estes espazos que prestan grandes e valiosos servizos ecosistémicos.

Neste punto xorde a necesidade de aplicar o **Principio de Precaución**. Segundo a Unión Europea, “pode invocarse cando un fenómeno, un produto ou un proceso pode ter efectos potencialmente perigosos identificados por unha avaliación científica e obxectiva, se dita avaliación non permite determinar o risco con suficiente certeza”. Este principio de cautela non opera cando existen datos terminantes sobre os riscos para a saúde e o medio ambiente. Nese momento deberán operar as medidas preventivas e correctoras. Este é un deses casos no que cabería invocar o principio de precaución ás autoridades, pola falta de información sobre a seguridade da inocuidade dos megaproyectos que se estarían autorizando por toda a xeografía.

A Directiva Marco da Auga impón medidas especiais de conservación para as zonas húmidas: ríos, lagos, xunqueiras, brañas, turbeiras e gándaras “*adquiren unha dimensión chave e a súa protección tómase estratéxica para amortecer os efectos adversos do clima, capturar carbono, regular o ciclo hídrico e manter a biodiversidade*”.

Tal e como recolle o ANUNCIO do 13 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración ambiental estratéxica correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, revisión de terceiro ciclo (2021-2027) (expediente 2019AAE2354) inclúense neste Plan as denominadas zonas protexidas:

## Zonas protexidas

• *Incorporar medidas de protección para as zonas húmidas do Inventario dos Humidais de Galicia (Ramil et al, 2003), en particular para aquelas que carecen dun estado legal de protección.*

## Zonas protexidas

*O plan actualizou o rexistro das zonas protexidas (anexo VI) no referente ás seguintes cuestións:*

• *Ademais de integrar as 5 zonas húmidas da demarcación declaradas de importancia internacional en base ao Convenio Ramsar e a zona húmida de especial protección do plan (lagoa de Sobrado), recolléronse os ámbitos do Inventario de humidais de Galicia como candidatos para ser catalogados como zonas de protección especial. A normativa prevé revisar e actualizar estas últimas zonas, séndolles despois de aplicación as condicións específicas de protección previstas para as zonas húmidas de especial protección (artigo 25 da normativa).*

Ademais, o documento recoñece que existen outras zonas húmidas con importancia no ciclo hidrolóxico que non figuran nos inventarios, polo que propón realizar traballos para identificalas e delimitalas coa finalidade de poder establecer medidas para protexelas.

Centos de hectáreas de lagoas, lagos, brañas, xunqueiras, bosques húmidos e turbeiras están en serio risco de desaparición por mor da expansión denscontrolada de eólicos en Galicia. En Galicia só hai 5 humidais protexidos ao abeiro do Decreto 110/2004, do 27 de maio. Posteriormente no ano 2008 a Xunta de Galicia aprobaba o Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia, vixente na actualidade. Desde o ano 2008, data de creación do Inventario como rexistro público de consulta dos humidais, a Xunta abandonouno por completo e non se molestou en inventariar debidamente os humidais galegos incumprindo de cheo a Directiva 2000/60/CE, pola que e establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (en diante DMA).

O obxectivo ambiental da DMA é *“establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que preveña toda deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humidais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos”.*

A inscrición dun humidal no Inventario de humidais de Galicia deixará constancia, como mínimo da súa dentificación, denominación e descrición, codificación e denominación do humidal, descrición xeral do humidal, tipoloxía, localización e superficie, localización xeográfica, administrativa e hidrolóxica, superficie do humidal, hábitats, vexetación e flora, fauna, réxime de protección, plans e medidas de conservación, estado de conservación e cartografía.

Ao non delimitarse debidamente os humidais do Inventario dificilmente se poden identificar, controlar e moito menos cumprir cos obxectivos de calidade destas masas de auga que esixe a DMA e por tanto, xa non habería ningún obxectivo ambiental que cumprir, abandonando a súa sorte estes espazos que prestan grandes e valiosos servizos ecosistémicos.

O desleixo da Xunta de Galicia con respecto aos humidais e de tal envergadura que na praxe a cidadanía ten que pasar polo que indican as empresas nos proxectos, sen poder constatar a veracidade do que neles se realta. As obras de construción dos parques eólicos sobre estes espazos ou con afección aos mesmos, provoca a desaparición dos valores naturais destes. A apertura de viais, as cimentacións dos muíños, as gavias de cabreado, a construción das subestacións eléctricas, as liñas de evacuación e os centros de seccionamento están a provocar a fragmentación e drenaxe destas zonas húmidas con un impacto ambiental irreversible e inasumible nunha época de crise climática como a actual.

As turbeiras son importantes sumidoiros de carbono e por tanto son cruciais para facer fronte a unha emerxencia climática que está a acelerar a perda de biodiversidade. Os humidais están a desaparecer máis rápido que ningún outro ecosistema e a implantación de parques eólicos non seu ámbito xeográfico non é a solución adecuada para contribuír ao cambio climático. Existen numerosas zonas de humidais, xuncas, brañas e lagoas e directamente afectadas polos aeroxeradores. En consoancia co artigo 21 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, relativo á consideración do cambio climático na planificación e xestión territorial e urbanística, así como nas intervencións no medio urbano, na edificación e nas infraestruturas do transporte, os humidais, as brañas e as lagoas, ao igual que as nascencias dos ríos deberan ser consideradas zonas de sensibilidade e exclusión de infraestruturas eólicas, pola súa importancia para a biodiversidade, conectividade e provisión de servizos ecosistémicos.

**☞ CARÁCTER SENSIBLE MEDIOAMBIENTALMENTE DA ÁREA XEOGRÁFICA DE EXECUCIÓN DOS PROXECTOS EÓLICOS SUÍDO I, VALDEPEREIRA, PICO SECO E DA SOLUCIÓN CONXUNTA DE EVACUACIÓN**

Resulta acreditado no procedemento a presenza de diversos cauces fluviais e humidais (brañas) na área de execución do proxecto eólico e as súas infraestruturas asociadas, que tamén son comúns a outros parques eólicos con implantación prevista no mesmo ámbito xeográfico.

A DIRECTIVA 2014/52/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente indica respecto á localización dos proxectos:

*“Debe considerarse o carácter sensible medioambientalmente das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos, tendo en conta, en particular:*

*a) o uso presente e aprobado da terra;*

*b) a abundancia relativa, a dispoñibilidade, a calidade e a capacidade de rexeneración dos recursos naturais da zona e o seu subsolo (incluídos o chan, a terra, a auga e a biodiversidade);*

*c) a capacidade de absorción do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:*

*i) humidais, zonas ribeiregas, desembocaduras de ríos,*

*ii) zonas costeiras e medio mariño,*

*iii) zonas de montaña e de bosque,*

*iv) reservas naturais e parques,*

*v) zonas clasificadas ou protexidas pola lexislación nacional; zonas Natura 2000 designadas polos Estados membros en aplicación das Directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE,*

*vi) áreas nas que xa se produciu un incumprimento das normas de calidade ambiental establecidas na lexislación da Unión e pertinentes para o proxecto, ou nas que se considere que se produciu tal incumprimento,*

*vii) áreas de gran densidade demográfica,*

*viii) paisaxes e lugares con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica”.*

Considérase que un proxecto ten incidencia nunha zona ambientalmente sensible cando se dá algunha das seguintes condicións:

Que poida afectar os espazos pertencentes á Rede Natura 2000, sen ter relación directa coa xestión ou conservación do lugar ou sen ser necesario para a mesma.

No presente caso non se está a ter en conta a sensibilidade ambiental do territorio xeográfico no que se prevé a execución do proxecto eólico nin se determina o grao de sensibilidade e de resiliencia do territorio para acoller o proxecto, tendo en conta a presenza xa doutros parques na contorna e a importancia dos recursos hídricos e humidais afectados.

Os proxectos eólicos Suído I, Valdepereira e Pico Seco e a súa solución conxunta de evacuación son incompatibles coas prioridades e usos previstos no Decreto 37/2014, de 27 de marzo, polo que se decláran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Existe unha afección severa ao conxunto de cauces da área e afección do proxecto con impactos sobre brañas, humidais, fontes e nascencias de cauces. Existe unha importante rede fluvial afectada polo proxecto eólico e parte da súa infraestrutura de evacuación, afección severa e irreversible obviada pola mercantil promotora:

O proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV, eixe leste, sitas nos concellos de Beariz, Boborás e O Iríxo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/175) atravesa o rego do Val de Camba e o rego das Covelas. O rego Pequeno é tributario do rego do Val de Camba. Despois da paraxe do Areado atravesa o río Redondo e o río do Mexeiriño, que tributa no anterior. Despois de atravesar as Brañas do Mosqueiro cruza o rego de Touza e a paraxe de Tras do Mosqueiro á SEC ALT02 e ZIA.

As infraestruturas atravesan os Prados do Muíño, na paraxe de Coto Calvo e afectan ao río Testeiro, ao rego Soa e ao rego de Cahpiña Val de Mioso. O río Testeiro atravesa o núcleo do Cebra e nace nos Montes do Testeiro (REDE NATURA 2000), no rego da Lagoa, onde hai depósitos de augas (Coto de Surivol). O río Testeiro atravesa as Chairas e recolle as augas do rego do Pereiriño e os cauces que nacen no Alto de Portas e no Alto do Bañeiro, no Monte Cebra.

O rego do Campo do Chancelo presenta ictiofauna e as infraestruturas atravesan zonas húmidas con presenza de fentos reais, sobre todo na paraxe do Chancelo e do Val de Camba. Esta especie está moi presente na zona o que é indicativo da presenza de bosques de ribeira, zonas húmidas, bordos de ríos, regatos...etc.

Ao anterior hai que engadir a afección aos recursos hídricos do conxunto dos máis de 28 parques eólicos previstos para a área de implantación do proxecto. Así por exemplo, en relación aos parques eólicos Valdepereira e Pico Seco, as infraestruturas destes afectarían a:

Na paraxe do Coto do Castelo nace un cauce innominado. No Val do Burato nace outro innominado. Ambos os dous cauces xúntanse nas brañas de Pena Gallada e desembocan no río Abeleda.

Na paraxe Rego do Foxo nace un regato que acaba configurando o rego das Seixas, tras recoller as augas de diversos mananciais.

No monte comunal Sanguinedo nace outro cauce que atravesa as Brañas da Costa Longa e o Val do Espiño para tributar no rego das Seixas.

Na paraxe de Tras Fontenla nace un cauce que atravesa as Chousas Vellas e as Chousas de Ridosos, atravesa as brañas de Gorgullón ata tributar no rego Seixas.

Nas paraxes da Fonte e de Navales nacen outros cauces que tributan tamén no rego das Seixas.

Na paraxe do Coto da Lebre e en concreto na Boca da Regueira, afloran varios mananciais que configuran a Regueira.

Na paraxe do Coto do Castelo, en concreto nas Fontes Abeleda nace un cauce innominado. No polígono 5 parcela 1, denominada Nabas (O Irixo) nace un cauce que irá conformando o Val do Fento, que se caracteriza pola presenza de diversos cauces, humidais e brañas.

No Val dos Colados nacen cauces que dan lugar a unha Regueira. Na paraxe da Abelleira nace outro cauce innominado, que xunto co anterior desembocan no rego de Surribas.

Na paraxe e Tras do Balado, onde hai varias captacións de auga, nace un cauce que da lugar ao río Coedo.

No Monte da Portela, en Riba da Estivada, nace un cauce que atravesa a paraxe do Souto, o Muíño e tributa no rego de Surribas.

Aos pés do Coto da Pena Negra e da Carpaceira (onde hai un afloramento rochoso), nace o rego da Cidá e na Penagueira e no

Val Cego confórmase o rego de Besada que recolle as augas que abrollan ao longo desas paraxes.

Na Fonte do Ouro, preto da Pena das Meigas, nace o Val de Camba e o rego de Camba e a Regueira do Espiño. No seu decurso conformarán o río Viñao.

Outros cauces afectados polos parques eólicos son: Os Regos, o rego de Froufe, o regato da Cerdeira, o rego de Besada que nace en Couso (O Irixo).

Aos pés dos Montes do Testeiro nace o val fluvial do rego de Munín. Outros vales fluviais son o do río Lebotán e o do rego

Lobagueira. Destacan os cauces do val fluvial do Val de Arada e o Brañal de Sidre regado por varios cauces.

No Coto da Pena Negra e na Abelleira nacen varios regatos que tributan no río Viñas. No Coto de Surribas e no Monte da Portela nace a Regueira que tributa no río Viñas.

A mercantil promotora non avalia a calidade das masas de auga afectadas polo proxecto. Non existe estudo algún sobre a importancia das corgas, moi abondosas na área do proxecto e na poligonal do parque e dos vales fluviais. Non se miden os caudais dos cauces afectados e non se garante a integridade dos acuíferos e das masas de auga soterradas. Tamén se obvia a calidade destas.

En relación ao parque eólico Paraño Oeste, este parque afecta aos seguintes cauces:

Existe unha afección significativa para unha serie de cauces como: o rego de Ponche Pedriña, o rego Longo de Alonso, o rego de Porto do Carro, o regueiro de Avia, a regata Vicenza e o rego do Xisto.

O rego Longo de Alonso (nas proximidades do aeroxerador 1 entre leste e o aeroxerador 6) vai a sufrir un impacto severo polas gabias de cableado.

O estudo hidrolóxico realizado pola empresa é moi deficiente e obvia a meirande parte dos cauces innominados e fontes que nacen na área de implantación do proxecto.

Cauces innominados e obviados pola mercantil promotora:

1.- Cauce que nace na Portela de Lamas – Pardesoa, polígono 100, parcela 98 e que atravesa a paraxe dos Montes de Pardesoa, en Forcarei en dirección ao Monte do Sixto, parcela 1046, en Forcarei.

2.- Cauce innominado que nace aproximadamente no polígono 500, parcela 407 nos montes de Pardesoa, en Forcarei e continua o seu devagar cara a paraxe de Fociño. Atravesa o lugar de Fixo –Pardesoa, en Veiga Eira e o núcleo do Sixto configurando un pequeno val fluvial.

3.- Outro rego innominado, que nace no Cotón do Petón e aflora no lugar de Pousada – Pardesoa atravesando este ata a Cima das Casas, en Forcarei.

4.- O rego Vicenza que nace no Monte Penalva, Polígono 102 Parcela 571 no municipio de Forcarei.

5.- Outro rego innominado que aflora aproximadamente no polígono 500, parcela 407 dos Montes de Pardesoa e que dá lugar ao val fluvial da paraxe de Alargo.

6.- Outro rego innominado que aflora no Polígono 117 Parcela 595, do Monte Pardesoa, en Forcarei e que conformaría o val fluvial do Monte Alén Polígono 32 Parcela 937 e dá lugar ao rego de Avia.

7.- A nacemento do rego do Carro Polígono 500 Parcela 407 no Monte de Pardesoa en Forcarei e que configura o val fluvial de Polígono 32 Parcela 945 MONTE BOUZA. BEARIZ (OURENSE)

8.- Outro rego innominado aflora paralelo ao camiño de Beariz, polígono 31 parcela 9003, e que dá lugar ao rego Largo de Alonso e que conforma un pequeno val fluvial que acada as paraxes de Couselo e Acibedo.

9.- Outro rego innominado aflora no Polígono 117 Parcela 453 do Monte Pousada, en Forcarei e que dá lugar ao Regueiro, val fluvial de alto valor ambiental.

10.- Destaca a Fonte Couso que afloraría na parcela 401, no municipio de Forcarei. Outras fontes: Fonte da Costoia, Fonte da Vidro, Fonte da Obra, Fonte da Serra, Fonte Cavado, Fonte Alta do Chapeo, Nove Fontes...

11.- Ao pé do Outeiro do Lobo nace Polígono 32 Parcela 280 fórmase o Regueiro, en Beariz. Á beira do Outeiro do Lobo está a paraxe O Ceo e o rego Donsueiro.

12.-Ao pé da Laxa dos Cabaleiros existe unha vaguada onde aflora o rego de Ponte Pedriña.

En relación ao parque eólico Campos Vellos, este afecta a:

Rego do Furado, río Beariz, val fluvial de Cerdeira, val fluvial e Salgueiro. En Picos Brancos no Monte de Pena Marela nace un rego innominado. Na Lomba nace o rego das Fontiñas, no Cotiño do Couto, no Monte da Pena Marela nace un rego innominado que tributa no rego da Touza, tras atravesar o val das Valiñas e desemboca no río Doade ou Cardelle.

O rego do Campo do Chancedo, rego Cego. O rego Cego e o rego dos Portos atravesan o Porto dos Bois ata tributar no río Touza. Outros regos afectados que obvia a promotora: rego do Home, Reguiña dos Currás, rego das Chouzas, rego das Colmeas, rego da Cerdeira, rego do Maleito, rego de Devadoiras...etc.

Dous regos innominados nacen no Monte de Chancela e tributan no río Tourza e no rego Campo do Chancelo.

O proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV, eixe leste, sitas nos concellos de Beariz, Boborás e O Irixo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/175) non realiza un estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico serio e rigoroso. Tampouco estuda nin avalía os impactos acumulados e sinérxicos sobre os recursos hídricos.

A Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, insta os estados membros da UE para fomentar a xestión dos elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para a fauna e a flora silvestres. Trátase daqueles elementos que, pola súa estrutura lineal e continua (como os ríos coas súas correspondentes ribeiras ou os sistemas tradicionais de deslinde dos campos), ou polo seu papel de puntos de ligazón (como os estanques ou os soutos) resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

Na lexislación española, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007 (Modificada pola Lei 33/2015. BOE 227, 22/11/2015) define corredor ecolóxico como: “o territorio, de extensión e configuración variables, que, debido á súa disposición e ao seu estado de conservación, conecta funcionalmente espazos naturais de singular relevancia para a flora ou a fauna silvestres, separados entre si, permitindo, entre outros procesos ecolóxicos, o intercambio xenético entre poboacións de especies silvestres ou a migración de espécimes desas especies” (Lei 42/2007. Art. 3).

A preservación da conectividade e a integridade ecolóxica da rede de espazos naturais constitúe un requisito legal imposto polos Directiva Hábitats e pola propia Lei 42/2007. Considerando en ambos os casos a importancia dos corredores ecolóxicos como elementos de unión entre os espazos de alto valor ambiental, as consideradas como zonas núcleo de biodiversidade, representados estes últimos polas áreas protexidas, así como polas áreas que, sen ser designadas legalmente baixo unha figura de protección, manteñen unha elevada biodiversidade.

#### **Afección severa e prexuízos irreversibles para o sistema de brañas e humidais da zona de afección do proxecto:**

O proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV, eixe leste, sitas nos concellos de Beariz, Boborás e O Irixo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/175) obvia a afección aos humidais e ás brañas. E tampouco realiza un estudo dos impactos acumulados e sinérxicos dos máis de 28 parques eólicos previstos para a área de afección do proxecto. Así por exemplo:

O parque eólico Paraño Oeste prevé unha afección importante á Fonte Alta do Chapeo, posto que como non consta no Inventario de Humidais de Galicia tampouco está delimitado, polo que se descoñece o grao de afección das infraestruturas eólicas e como lle afectará a remoción de terras e rochas das cimentacións eólicas á drenaxe do humidal.

No proxecto deste mesmo parque existen outros humidais obviados pola mercantil promotora como as Brañas e Regueiro de Monte Pousada (Forcarei), Brañas do Monte Pardesoa, Lamas...etc.

O mesmo sucede cos parques eólicos Pico Seco e Valdepereira que afectarían ás Brañas de Surribas, Brañal de Sidre, Brañas de Pena Gallada, Brañas da Costa Longa, Brañas do Gorgullón, As Brañas (O Irixo), Brañas do Monte da Cidá, Brañas dos Portos, Brañas de Balongo, Brañas do Camiño dos Lobos, Brañas do Campo da Cande, Brañas da Carpaceira..., etc. O parque prevese a súa instalación nunha zona e brañas, humidais, lagoas, turbeiras...etc. e esta afección prevese permanente e irreversible.

En relación ao parque eólico Campos Vellos este afecta a:

Brañas do Niño Vao, Brañas do Monte Pena Marela, Brañas de Fontaos, Brañas de Portiño de Fóra, Brañas de Portiño de Dentro, Brañas do Monte Marcofán, Brañas das Valiñas, Brañas de Brexa, Brañas da Reguiña de Currás, Brañas de Pedralta, Brañas da Fonte Riscada, Brañas de Campos Vellos, Brañas da Rega da Cerdeira, Brañas do Chancelo...etc.

O mesmo ocorre con este proxecto que afecta ás Brañas do Mosqueiro. Todos estes impactos non foron obxecto de avaliación por parte da promotora.

Cómpre ter en conta que as infraestruturas afectan de forma irreversible a estes espazos. Ademais os aerogeradores, as gabias de cableado, os vieiros, os puntos de apoio e os accesos aos mesmos aséntanse practicamente sobre humidais, brañas e lagoas. A propia toponimia xa indica que estamos en presenza de humidais, brañas e lagoas. A afección aos recursos hídricos é irreversible. As importantes remocións de toneladas de terra para a instalación das cimentacións e plataformas dos aerogeradores pode romper acuíferos e afectar seriamente ás masas de auga soterradas. Os humidais son fontes de vida, xa que o 40 % das especies do mundo viven ou se reproducen nestes espazos. Tamén son fonte de auga limpa e de alimento, de feito, unha de cada sete persoas depende dos humidais para o seu sustento. Os servizos que brindan os humidais son incalculables e insubstituíbles.

Centos de hectáreas de lagoas, lagos, brañas, xunqueiras, bosques húmidos e turbeiras están en serio risco de desaparición por mor da expansión denscontrolada de eólicos en Galicia. En Galicia só hai 5 humidais protexidos ao abeiro do Decreto 110/2004, do 27 de maio. Posteriormente no ano 2008 a Xunta de Galicia aprobaba o Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia, vixente na actualidade. desde o ano 2008, data de creación do Inventario como rexistro público de consulta dos humidais, a Xunta abandonouno por completo e non se molestou en inventariar debidamente os humidais galegos incumprindo de cheo a Directiva 2000/60/CE, pola que e establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (en diante DMA).

O obxectivo ambiental da DMA é “establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que preveña toda deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humidais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos”.

A inscrición dun humidal no Inventario de humidais de Galicia deixará constancia, como mínimo da súa dentificación, denominación e descrición, codificación e denominación do humidal, descrición xeral do humidal, tipoloxía, localización e

superficie, localización xeográfica, administrativa e hidrolóxica, superficie do humidal, hábitats, vexetación e flora, fauna, réxime de protección, plans e medidas de conservación, estado de conservación e cartografía.

Ao non delimitarse debidamente os humidais do Inventario dificilmente se poden identificar, controlar e moito menos cumprir cos obxectivos de calidade destas masas de auga que esixe a DMA e por tanto, xa non habería ningún obxectivo ambiental que cumprir, abandonando a súa sorte estes espazos que prestan grandes e valiosos servizos ecosistémicos.

O desleixo da Xunta de Galicia con respecto aos humidais e de tal envergadura que na praxe a cidadanía ten que pasar polo que indican as empresas nos proxectos, sen poder constatar a veracidade do que neles se realta. As obras de construción dos parques eólicos sobre estes espazos ou con afección aos mesmos, provoca a desaparición dos valores naturais destes. A apertura de viais, as cimentacións dos muíños, as gavias de cabreado, a construción das subestacións eléctricas, as liñas de evacuación e os centros de seccionamento están a provocar a fragmentación e drenaxe destas zonas húmidas con un impacto ambiental irreversible e inasumible nunha época de crise climática como a actual.

As turbeiras son importantes sumidoiros de carbono e por tanto son cruciais para facer fronte a unha emerxencia climática que está a acelerar a perda de biodiversidade. Os humidais están a desaparecer máis rápido que ningún outro ecosistema e a implantación de parques eólicos non seu ámbito xeográfico non é a solución adecuada para contribuír ao cambio climático. Existen numerosas zonas de humidais, xuncais, brañas e lagoas e directamente afectadas polos aeroxeradores. En consoancia co artigo 21 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, relativo á consideración do cambio climático na planificación e xestión territorial e urbanística, así como nas intervencións no medio urbano, na edificación e nas infraestruturas do transporte, os humidais, as brañas e as lagoas, ao igual que as nascencias dos ríos deberan ser consideradas zonas de sensibilidade e exclusión de infraestruturas eólicas, pola súa importancia para a biodiversidade, conectividade e provisión de servizos ecosistémicos.

#### **☞ Prexuízos significativos e irreversibles para os chans e o medio ambiente:**

O chan é un recurso natural non renovable e finito cuxo proceso de formación tómase centos de anos. Son unha parte fundamental no equilibrio dos ecosistemas: funciona como filtro e amortiguador ao reter substancias, protexe as augas subterráneas e superficiais contra a penetración de axentes nocivos e transforma compostos orgánicos descompoñéndooos ou modificando a súa estrutura conseguindo a mineralización.

A implantación dos máis de 28 parques eólicos e as súas infraestruturas asociadas de evacuación e conexión, como é o presente caso, alteran os ciclos bioxeoquímicos dos chans. A degradación que sofren os chans supón unha ameaza á capacidade deste recurso para satisfacer as necesidades das futuras xeracións.

A materia orgánica do chan ou humus é fundamental para manter a estrutura do chan, reter a auga necesaria, actuar como reserva nutritiva e imprescindible para manter a produtividade da terra. Certos usos do chan, como as cimentacións eólicas, diminúen de forma drástica o contido de materia orgánica do chan. As remocións de toneladas de terra que esixe a implantación de máis de 28 parques eólicos nunha área de 10 km e as liñas de evacuación e conexión asociadas coas gabias de cableado, os 40 puntos de apoio á LAT de evacuación e os accesos a estes non é cuestión baladí e eses chans non se van a recuperar polo que nun futuro, no caso de implantarse, teremos unha gran área de chan desertificada e erosionada de terro infértil.

Coa implantación das cimentacións dos parques, as excavacións e remocións de toneladas de terras durante a súa instalación, elimínase a materia orgánica dos chans e pérdese a produtividade destes. Non só se produce un cambio de usos (agrícolas de cultivo, de pasteiros ou forestais). Tamén se produce unha transformación urbanística non amparada legalmente, ao quedar os chans erosionados e perder de forma irreversible a súa produtividade orixinaria.

A Lei do chan de Galicia aposta na súa exposición de motivos pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda. Así o indica literalmente:

*“A Lei do chan aposta pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda”.*

O artigo 31 da citada lei referido a “Concepto e categorías” establece:

*“1. Terán a condición de chan rústico:*

*a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais”.*

Así, o artigo 34 da Lei 2/2006 do chan de Galicia indica respecto ao “Chan rústico de especial protección” que:

“4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria”, pero entendendo en base ao indicado na exposición de motivos da lei, que no caso de non poder complementarse prevalecerá aquel que máis protexa o chan rústico e en ningún caso, aquel que poida alterar de forma irreversible a funcionalidade deste como é o caso das infraestruturas eólicas proxectadas.

De feito, o artigo 35.2 indica que: “Os restantes usos en chan rústico son usos prohibidos”, sobre todo aqueles que alteren de forma irreversible a súa funcionalidade, como é o caso das remocións de terra descritas no proxecto das instalacións de conexión Beariz 400 kV.

As infraestruturas do proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV, eixe leste, sitas nos concellos de Beariz, Boborás e O Irixo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/175), resultan incompatibles cos usos e a fertilidade actual dos chans. As cimentacións do parque xunto coa remoción de toneladas de terra previstas para a súa implantación, altera de forma irreversible a cuberta vexetal e os recursos hídricos, producindo erosión da cuberta vexetal e a medio e longo prazo desertificación da área afectada, xa que, a perda da cuberta vexetal e dos humidais converte aos chans nun recurso natural non renovable e finito perdendo a súa funcionalidade e aptitude agrícola, gandeira e forestal actual de xeito irreversible.

#### **Non se avalía de maneira obxectiva a alternativa 0 en relación a tódolos aspectos ambientais e sociais.**

No apartado b do artigo 35 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental determinase que o estudo de impacto ambiental ha de incluír o seguinte:

*“Descripción de las diversas alternativas razonables estudiadas que tengan relación con el proyecto y sus características específicas, incluida la alternativa 0, o de no realización del proyecto, y una justificación de las principales razones de la solución adoptada, teniendo en cuenta los efectos del proyecto sobre el medio ambiente.”*

No Anexo VI de dita lei sinálase, así mesmo, a seguinte consideración:

*“Respecto a la alternativa 0, o de no actuación, se realizará una descripción de los aspectos pertinentes de la situación actual del medio ambiente (hipótesis de referencia), y una presentación de su evolución probable en caso de no realización del proyecto, en la medida en que los cambios naturales con respecto a la hipótesis de referencia puedan evaluarse mediante un esfuerzo razonable, de acuerdo a la disponibilidad de información medioambiental y los conocimientos científicos.”*

Deste xeito, a descrición da alternativa 0 centrase na renuncia dos efectos positivos do desenvolvemento do parque eólico, sen analizar os efectos positivos de ditas coberturas e usos do solo.

Non se fala da afección sobre a calidade de vida dos residentes da contorna das instalacións, nin do consumo de recursos ou a non emisión de residuos que se evitarían coa non execución do plan. Para este escenario, o estudo de impacto centrase no aforro de combustibles fósiles na produción enerxética, e polo tanto aforro de emisións de CO<sub>2</sub>, pero esquecese da gran importancia dos sumidoiros de carbono forestais e agrícolas citados no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030 ou no Acordo de París.

### **III.- AFECCIÓN SEVERA ÁS FAMILIAS QUE VIVEN, RESIDEN E/OU TRABALLAN NOS NÚCLEOS RURAIS AFECTADOS. AFECCIÓN SEVERA Á PAISAXE E XERACIÓN DE FEÍSMO PAISAXÍSTICO.**

Existe unha afección moi severa as familias que viven, residen e/ou traballan nos núcleos de:

- A Graña (a unos 2.430 metros aproximadamente).
- Laxoso de Arriba (a unos 1.815 metros aproximadamente).
- A Coutada (a unos 875 metros aproximadamente).
- A Coviña (a unos 715 metros aproximadamente).
- Calvelle (a unos 740 metros aproximadamente).
- Barazal (a unos 780 metros aproximadamente).

Moi afectados tamen os núcleos de Nogueira, Carrofieito, Bustelo, Samprizón, Abeleda, Sanguiñedo...etc. Cómpre ter en conta que trátase de aeroxeradores de máis de 200 metros (229,5 metros) con un impacto paisaxístico desmesurado e inasumible.

Existe unha afección acústica severa e con prexuízos irreversibles para os seguintes núcleos afectados polos efectos sinérxicos e acumulados con outros parques da entorna e ubicados e a menos de 2 km como:



**A Abeleda, Bustelo, Cardoufe, Carrofeito, Lebozán, Nogueira, O Navallo, Samprizón, San Martiño de Doade, Sanguineo, Vilar de Montes en San Xoán de Vilanova...etc.**

**Ver informe Aliente:**

*“2.1.a.- Ruido audible*

*El principal impacto de los aerogeneradores sobre las personas es el ruido, que produce alteraciones en la calidad del sueño mediante la interrupción objetiva del sueño, reflejada por una mayor frecuencia de despertares, proporción reducida de sueño en fase profunda, o la reducción del sueño en su fase N2 (e.g. Smith M.G. et al., 2020). Del mismo modo, existen pruebas de que el insomnio aumenta, con una fuerte modulación de amplitud y una menor frecuencia de rotación, el sueño más profundo se ve afectado adversamente por una mayor frecuencia de rotación y una fuerte modulación de amplitud y el sueño ligero aumenta con una alta frecuencia de rotación y latidos acústicos). El ruido también produce sordera, acúfenos, vértigos, mareos, cefaleas, migrañas, ansiedad/depresión, irritabilidad y deterioro en la calidad de vida.*

*El ruido es más perturbador en entornos de muy baja contaminación acústica, y no debería sobrepasar 45 dB al aire libre (Wagner, S., Bareiss, R., & Guidati, G. (2012). Wind turbine noise. Springer Science & Business Media).*

*El ruido se incrementa cuando hay aerogeneradores próximos y se potencia con la velocidad del viento (el sueño aerodinámico de las turbinas se incrementa en 1 dB a medida que se incrementa la velocidad de viento a 1 m/s). En las regiones donde los vientos no son constantes, como en las zonas montañosas, los ruidos varían con las ráfagas, lo que acentúa su carácter desagradable (Hanning, C. 2010).*

**Los sonidos no se propagan de forma directa y uniforme. Siguen trayectorias en función de la topografía.** Por lo tanto, cuando los vientos son fuertes en una cresta y débiles en el valle, los ruidos emitidos por las turbinas eólicas pueden no sentirse o sentirse poco a la cresta, pero sí con fuerza en el valle, incluso a distancias superiores a 1000 metros (e.g. Hanning & Evans, 2012). Además, la propagación de ruido de los aerogeneradores difiere entre el día y la noche que es cuando se percibe con más intensidad.

*2.3.- Sombra intermitente o “Shadowflicker”*

*Producido por la intercepción de la luz del sol por las palas de las turbinas cuando giran y las sombras intermitentes y recurrentes que generan. Puede producir estrés importante y también puede provocar crisis convulsivas en personas susceptibles, sobre todo a distancias menores de 1 Km y con un nivel de rotación de las aspas mayor a 50 r.p.m. (Harding et al., 2008).*

*2.4.- Reflexión solar*

*Se debe a la incidencia de la luz solar sobre las aspas del rotor produciendo reflejos y destellos. El color del rotor y su distancia a las viviendas o en los puestos de trabajo son las variables más importantes en la consideración de este impacto. Para su minimización debería valorar pinturas antirreflectantes para los equipos eólicos y distancias superiores a 10 veces el diámetro del rotor de los aerogeneradores.*

**En canto aos núcleos de poboación, é posible ver algún dos aerogeneradores do Parque eólico Suido I desde 262 núcleos, tal e como recoñece expresamente no EIA a mercantil promotora. Existe unha afección paisaxística inasumible e que afectaría gravemente ao benestar das familias dos núcleos rurais afectados.**

 **Indica a mercantil promotora literalmente:**

*Mapa de afección por parpadeo*

*Hay 216 edificaciones que superan o igualan el umbral de las 30 horas anuales y/o 30 minutos al día calculadas sobre la base de “peor caso”, siguiendo el criterio establecido en la WEA-Schattenwurf-Hinweise.*

*Teniendo en consideración que el resultado del modelo arroja que 216 edificaciones superarían o igualarían el umbral de las 30h/año y/o 30 minutos al día, se propone la realización de un control durante el primer año de explotación en los receptores que puedan superar el umbral.*

*En caso de que se supere el umbral se plantearía la programación de parada técnica temporal de los aerogeneradores del parque solos o combinados de manera que se evite la superación de dicho umbral.*

*Cunpriría adoptar medidas preventivas para evitar os danos ás familias, posto que é bastante inverosímil que a empresa promotora programe paradas técnicas temporais para evitar o umbral sinalado, unha vez autorizado e executado o parque eólico.*

 **O parágrafo relativo a:**

## II. Apéndice I: PE SUIDO I Alternativa A. Shadow.

### Main Results

Desde a páxina 657 do proxecto ata 1075 o texto figura en inglés e resulta ademais incompreensible.

**Afección severa e prexuízos irreversibles para as Áreas de Especial Interés Paisaxístico (AEIP), afectadas tamen por outros parques da entorna:**

AEIP\_07\_30 Fraga de Catasós

AEIP\_07\_32 Mosteiro de Oseira

AEIP\_07\_31 Pozo Negro

AEIP\_07\_29 Serra do Candán e Montes do Testeiro

- Miradores (Miradores Ameixeira e Curro)
- Miradores de Penas Grandes e Monte do Faro

O proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV, eixe leste, sitas nos concellos de Beariz, Boborás e O Irixo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/175), ao igual que os proxectos dos parques eólicos Valdepereira e Pico Seco afectan tamen a:

AEIP\_07\_30 FRAGA DE CATASÓS

AEIP\_07\_31 POZO NEGRO

#### ▮ **Afección severa á Rede de Miradoiros:**

Mirador “Monte Faro”.

Mirador “Cima do Farelo” e “Pena de Francia”.

Mirador “Alto da Serra Martiñá”

Mirador “O Carrio”.

#### ▮ **Afección severa a roteiros e itinerarios:**

- PR-G 210, Ruta do Castro de Doade.
- PR-G 188, Sendeiro de Zobra.
- PR-G 189, Ruta dos Castros do Irixo.
- PR-G 7, Ruta do Faro.
- PR-G 124, Ruta da Auga, Fonte e Lavadoiros de Parada.
- PR-G 100, Sendeiro Natural Aciveiro-Candán.
- PR-G 113, Ruta das Pontes do Lérez.
- **Itinerario panorámico Mosteiro de Aciveiro a Mosteiro de Carboeiro.**
- **Itinerario natural Mirador de Grobas-Mirador de Monte Coco.**
- **Itinerario patrimonial Mámoas de Coto de Molín.**
- **Itinerario patrimonial Mosteiro de Oseira.**
- **Itinerario natural Serra Martiñá (Oseira-Pena Veidosa-Oseira).**
- **Itinerario patrimonial Val de Camba (A Feira de Río-San Xoán de Camba).**

• **Itinerario panorámico De Aviión a Mirador das Tres Rías.**

- Ruta da Devesa do Campo dos Lobos

<http://roteiros.lalin.gal/lebozan/>

- Ruta PR – G7 - Ruta do Faro

- PR-G 189 Ruta dos Castros do Irixo

<https://roteiros.gal/ruta-polo-irixo/#more-21616>

[https://www.turismo.gal/recurso/-/detalle/200514000065/pr-g-189-ruta-dos-castros-do-irixo?langId=gl\\_ES&tp=6&ctre=23](https://www.turismo.gal/recurso/-/detalle/200514000065/pr-g-189-ruta-dos-castros-do-irixo?langId=gl_ES&tp=6&ctre=23)


- PR-G 77 Senda de Boborás

- PR-G 188 Sendeiro de Zobra

- PR-G 210 Ruta do Castro de Doade

- Ruta dos arrieiros

<https://www.farodevigo.es/deza-tabeiros-montes/2019/05/06/200-personas-ruta-arrieiros-15700099.html>

-  **Camión de Santiago -Camión de Inverno (afectado polo do proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV, eixe leste, sitas nos concellos de Beariz, Boborás e O Irixo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/175).**

-  **Camión de Santiago – Vía da Prata**


- <http://roteiros.lalin.gal/camino-de-inverno/>

Existen outros lugares identitarios e peculiares de importancia como o Mirador de Marcofán (non avaliado pola promotora), a 936 metros, a Pena da Lebre a 864 metros, a Mámoa do Ouro, a 821 metros, O Ceo, a 801 metros, o Coto da Pena Negra a 793 metros, Coto de Sonelle a 878 metros, O Mosqueiro a 797 metros. O impacto paisaxístico e visual é inasumible. As instalacións do proxecto pasan á beira do núcleo de Espiñeiras e de Sonelle. A promotora non ten en conta o impacto acumulado e sinérxico do conxunto dos máis de 25 parques eólicos e da totalidade das liñas de evacuación previstas para a mesma área xeográfica. Cómpre ter en conta que o proxecto prevé un acceso preto da Mámoa do Coto de Surribas ou Morico da Pena, ao que hai que engadir a afección prevista sobre este ben patrimonial relacionada coa SEC Valdepereira e o parque eólico Valdepereira e o parque eólico Pico Seco.

Os viais de acceso afectan ás Brañas do Mosqueiro. Tampouco se ten en conta que os Montes do Testeiro forman parte da Rede Natura 2000 e que aquí nace o río do Testeiro, afectado directamente polo proxecto e a importancia da conectividade ecolóxica fluvial.

A nova subestación, SEC PARAÑO, prevese a súa localización na paraxe denominada “Monte Chancela” en Beariz.

Existe unha afección severa para núcleos rurais como: Silvares, Cebreal, Froufe, Espiñeiros, Sonelle, Regueiro de Arriba, Regueiro de Abaixo, A Ermida, a Capela da Candelaria, Nabas, Erixe, Surribas, Campo dos Carros, Readegos (29 hab), O Regueiro (49 hab), A Cida (65 hab), Froufe (81 hab), Espiteira (92 hab), Dadin (116 hab), Xendive (146 hab), Parada de Labiote (209 hab), Moreiras (217 hab), Cusanca (228 hab), Baiste (256 hab), Lebozan (302 hab), Feas (436 hab), O Campo (571 hab), Beariz (773 hab)....etc.

-  **Cómpre ter en conta tamén as afeccións do proxecto do parque eólico Campos Vellos, vencellado estreitamente con este proxecto, xa que a promotora non avalía os seus impactos directos, nin indirectos...etc.:**

Pero hai que ter en conta tamén que existe unha mancha de infraestruturas eólicas no ámbito xeográfico de afección do proxecto e todos bastante próximos como pode ser o parque eólico Marcofán, Pena da Lebre, As Vides...etc.

Paraño 14 aeroxeradores En trámite

Ameixeiras\_ Testeiros 75 aeroxeradores Funcionamiento

Marcofán 7 aeroxeradores Trámite

Pena da Lebre 4 aeroxeradores Trámite

Valdepereira 8 aerogeneradores Trámite

As Vides 4 aerogeneradores Nova solicitude

A Estivada 6 aerogeneradores Nova solicitude

Fonteavia fase I 16 aerogeneradores Funcionamiento

Fonteavia fase II 22 aerogeneradores Funcionamiento

Campos Vello 6 aerogeneradores

Total parques: 10 Total aerogeneradores: 162 aerogeneradores

Ademais hai outros parques próximos como parque eólico Serra do Cando, parque eólico Monte Seixo –Cando, parque eólico Outeiro do Coto, parque eólico Masgalán – Campo do Coco...etc, ao que hai que engadir ás liñas de evacuación. Isto demostra que non existe un criterio racional á hora de instalar parques eólicos nin se ten en conta a presión industrial eólica excesiva que se está a producir sobre determinadas zonas do rural de Galicia e as conseguíntes afeccións ás familias.

Estariamos a falar xa dunha paisaxe cada vez máis industrial co abandono progresivo e crecente dos tradicionais mosaicos agro – forestais. O impacto paisaxístico e a fragmentación dos hábitats é inasumible desde o punto de vista do benestar das familias afectadas e a perda da biodiversidade é incoherente coa crise climática actual.

Por outra banda, tanto o órgano substantivo da Xunta de Galicia como as empresas eólicas non están a ter en conta a incidencia do cambio climático no réxime dos ventos, e que cada ano, é menos ventoso que o anterior.

▮ Afección severa e prexuízos irreparables para o Camiño de Santiago:

Patrimonio da Humanidade desde 1993 e Itinerario Cultural Europeo (ICE), unha etiqueta creada polo Consello de Europa para promover unha cultura europea común. Non se avalía a incidencia global da totalidade dos parques mencionados anteriormente sobre a vía cultural nin a súa afección ao turismo e á hostalería.

▮ Afección severa e prexuízos irreversibles para as Áreas de Interés paisaxístico (AEIP):

Xa non se trata só da afección paisaxística severa e irreversible para os lugares simbólicos e identitarios anteriormente citados, senón que a afección esténdese a lugares como o Alto da Ruza, Alto do Couto...etc.

“Serra do Candán e Montes do Testeiro”.

Serra do Cando, Serra do Suido, Pazos de Arenteiro ou Pena Corneira, entre outras...

▮ Afección severa á Rede de Miradoiros:

O Curro moi afectado polo aerogenerador AE6

As Ameixeiras moi afectado polo aerogenerador AE1

Mirador de O Castro moi afectado polo AE6

Monte do Coco moi afectado polo aerogenerador AE1

Mirador de Avión (Boca do Can) moi afectado polo aerogenerador AE6

Outeiral – Pena Corneira moi afectado polo aerogenerador AE6

Outeiro do Coto moi afectado polo aerogenerador AE4

Alto da Cruz do Seixo moi afectado polo aerogenerador AE6

Alto do Candán moi afectado polo aerogenerador AE1

Outros miradoiros afectados e obviados pola mercantil promotora:

Miradoiro de Limeres

As Ameixeiras

Miradoiro de Pedrouzos

Alto do Candán

O Castelón

Miradoriro do Monte Coco

Non se avalía a incidencia global da totalidade dos parques mencionados anteriormente sobre a rede de miradoiros e itinerarios culturais, paisaxísticos, naturais...etc, nin a súa afección ao turismo e á hostalería.

Afección severa aos seguintes roteiros do municipio de Beariz:

RUTA DE ALVITE

RUTA DE GARFIÁN

RUTA DE MAGROS

RUTA DE XIRAZGA

RUTA DA MINERÍA

Praias fluviais de Magros e Doade

Afección severa aos seguintes roteiros do municipio de Boborás:

SENDA DO ARENTEIRO

SENDA DE BOBORÁS

RUTA "PUZO DOS FUMES"

RUTA "MINAS DE BRUÉS"

AS POLDRAS DE SALÓN E ADEGAS MEDIEVAIS DE TUMBELO

Roteiro Cultural o Castro de Cameixa

▮ Afección severa aos roteiros de sendeirismo:

PRG113

PRG135

Roteiro de Avión -Serra do Suido

Roteiro M. Gobras a M. Monte de Coco

Roteiro de Avión a Miradoiro das Tres Rías.

Afección ás áreas recreativas:

Área recreativa Coto Pereira, preto de Doade, área recreativa de Barcia...

▮ Afección moi severa e prexuízos irreparables para a Rede Natura 2000 e a súa coherencia. Falla de conectividade ecolóxica entre os ecosistemas. Cómpre ter en conta que as especies non entenden de límites xeográficos e que o mantemento da conectividade ecolóxica é fundamental para o mantemento dos ecosistemas e da coherencia da propia Rede.

ZEC "Serra do Candán"

ZEC "Serra do Cando"

Estos espazos están catalogados como Zonas de Especial Protección de los Valores Naturales (ZEPVN).

Os campos eléctricos e magnéticos poderían producir efectos prexudiciais para a saúde humana. O campo magnético da LAT está insuficientemente avaliado. Ademais hai que ter en conta a presenza doutras liñas de alta tensión no territorio e a

acumulación de parques eólicos e as súas infraestruturas de evacuación. Máis de 28 parques eólicos e as LATs mencionadas anteriormente poden producir efectos graves non só na saúde senón tamén no benestar das familias afectadas. Non existe un estudo nin unha avaliación global do conxunto das infraestruturas nin un estudo dos efectos non só nas familias que viven, residen e/ou traballan nos núcleos rurais afectados senón tamén para a fauna, tendo en conta que a proximidade da REDE NATURA 2000 e a necesaria conectividade ecolóxica e a coherencia desta.

Por outra banda están as emisións acústicas producidas polo efecto corona, ás que hai que engadir o impacto acústico producido polos máis de 220 aerogeneradores previstos para a mesma área xeográfica.

A paisaxe inflúe no benestar e na saúde das familias dos núcleos rurais afectados. A previsión de máis de 220 aerogeneradores para a mesma área xeográfica prevé a xeración de feísmo paisaxista, afección ao benestar e á saúde e o inexorable éxodo poboacional dos núcleos rurais.

### ☞ **ÉXODO POBOACIONAL PARELLO Á INSTALACIÓN DE INDUSTRIAS AGRESIVAS COA ENTORNA E CO MEDIO AMBIENTE. PRESIÓN INDUSTRIAL EXCESIVA: Impacto non avaliado pola mercantil promotora.**

O interese público e a utilidade social do proxecto carece de base e xustificación. Así o acredita o forte rexeitamento social á instalación masiva de parques eólicos nos núcleos rurais de Galicia. Nun rural no que a Xunta de Galicia permite inzar muíños en calquer lugar como así o acredita o feito de que na mesma área xeográfica existan máis instalacións eólicas:

Instalacións en 5 km

Parques eólicos

• En explotación ou autorizado:

- Parque Eólico Ameixeiras– Testeiros: 23 aerogeneradores.

- Parque Eólico Coto Frío: 10 aerogeneradores.

- PES Lalín: 4 aerogeneradores.

- Parque Eólico Pico Seco: 9 aerogeneradores.

• En tramitación:

- Parque Eólico Valdepereira: 4 aerogeneradores.

Torres anemométricas

• En explotación ou autorizado:

- Torre anemométrica Pico seco.

• En tramitación:

- Torre anemométrica Valdepereira

Liñas de Alta Tensión

• En fase de autorización administrativa:

- Liña colectora 132 kV SET Serra do Faro-SET Valdepereira.

Instalacións en 5-10 km

Parques eólicos

• En explotación ou autorizado:

- Parque Eólico Ameixeiras– Testeiros: 52 aerogeneradores.

- Parque Eólico Coto Frío: 2 aerogeneradores.

- Parque Eólico Irixe Fase I: 11 aerogeneradores.

- Parque Eólico Masgalán-Campo do Coco: 11 aerogeneradores.

• En tramitación:

- Parque Eólico Valdepereira: 4 aerogeneradores.

- Parque Eólico Coto dá Mina: 5 aerogeneradores.

• Nova solicitude:

- Parque Eólico Serra do Faro Ampliación II: 2 aerogeneradores.

- Parque Eólico A Estivada: 6 aerogeneradores.

Subestacións

• Nova solicitude:

- SET A Estivada.

Liñas de Alta Tensión

• En explotación ou autorizada:

- Liña 132 kV C1 IRI CNO 132

- Liña 66 kV C1 CHA LAL 66

• En fase de autorización administrativa:

- Liña colectora 132 kV SET Serra do Faro-SET Valdepereira.

Instalacións en 10-15 km

Parques eólicos

• En explotación ou autorizado:

- Parque Eólico Masgalán-Campo do Coco: 64 aerogeneradores.

- Parque Eólico Paraño Oeste: 7 aerogeneradores.

- Parque Eólico Penas Grandes: 2 aerogeneradores.

- Parque Eólico Serra do Faro: 11 aerogeneradores.

• En tramitación:

- Parque Eólico Alborin: 1 aerogenerador.

- Parque Eólico Marcofán: 7 aerogeneradores.

- Parque Eólico Monte Festeiros: 24 aerogeneradores.

- Parque Eólico Pena dá Lebre: 4 aerogeneradores.

• Nova solicitude:

- Parque Eólico Serra do Faro Ampliación II: 6 aerogeneradores.

- Parque Eólico As Vides: 4 aerogeneradores.

- Parque Eólico Campos Lanuxes: 6 aerogeneradores.

- Parque Eólico Suido II: 1 aerogenerador

Subestacións

- En tramitación:

- SET Alborin.

- Nova solicitude:

- SET As Vides.

- SET Campos Lanuxes.

- SET Suido II.

Torres anemométricas

- En explotación ou autorizada:

- Torre anemométrica Paraño Oeste.

- En tramitación:

- Torre anemométrica Alborin.

- Nova solicitude:

- Torre anemométrica Campos Lanuxes.

Liñas de Alta Tensión

- En explotación ou autorizada:

- Liña 132 kV C1 IRI CNO 132

- Liña 132 kV C1 IRI CNO 132

- Liña 132 kV C1 IRI CNO 132

- Liña 132 kV C1 IRI CNO 132

- Liña 400 kV C1 MES2 CAR 400.

- Liña 400 kV C2 MES2 CAR 400.

- Liña 66 kV C1 CHA LAL 66

- En fase de autorización administrativa:

- Liña colectora 132 kV SET Serra do Faro-SET Valdepereira.

\*Ausencia dun inventario ambiental serio e cumprindo co esixido no artigo 35 e Anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental: deficiencia do estudo da fauna, da flora, da biodiversidade...

\*A promotora obvia a importancia microlóxica da área de afección do proxecto.

\*A promotora obvia a importancia económica e ambiental da apicultura do lugar de afección do proxecto.

\* A promotora obvia a importancia do cultivo da castaña e dos soutos.

#### **IMPACTOS SOBRE A SAÚDE HUMANA E O BENESTAR DÁS FAMILIAS AFECTADAS**

Véxase: "Efectos de los parques eólicos e instalaciones eléctricas asociadas sobre la salud".

<https://aliente.org/efectos-eolica-salud>

Os campos electromagnéticos de frecuencia extremadamente baixa, xerados tanto nas liñas de transporte, así como nos transformadores eléctricos instalados nas subestacións eléctricas, poderían causar enfermidades graves. Así o afirma o documento Efectos dos parques eólicos e instalacións eléctricas asociadas sobre a saúde, publicado o 22 de setembro por Alianza Enerxía e Territorio (IEMFA). Segundo este informe, a Organización Mundial da Saúde (OMS) concluíu en 2002 que os



resultados experimentais existentes ata a data non confirmaban que a exposición a campos electromagnéticos xerados polos compoñentes de distribución e transformación de electricidade produza consecuencias graves para a saúde. Con todo, o avance da ciencia identifica algunhas lagoas que requiren investigacións independentes sobre o tema. De feito, a propia OMS non descarta actualmente que os campos electromagnéticos de baixa frecuencia xerados no transporte e nos procesos de transformación eléctrica deban considerarse como “posible carcinógeno humano”.

A relación directa entre a exposición a campos electromagnéticos e certas afeccións á saúde é unha afirmación da que cada vez hai menos dúbidas no mundo científico. Así o testemuñan diversos estudos, como o da Universidade de Oxford, que relaciona este tipo de contaminación con leucemia infantil ou o incremento de cancro infantil. Do mesmo xeito, a IEMFA publicou en 2001 un informe e declaración de consenso científico sobre os riscos dos campos electromagnéticos. Debido a estes e outros moitos outros estudos, recomendouse limitar a exposición en base aos achados de risco de contraer enfermidades graves como leucemia, tumores cerebrais ou Alzheimer, entre outras.

Neste punto xorde a **necesidade de aplicar o Principio de Precaución**. Segundo a Unión Europea, “**pode invocarse cando un fenómeno, un produto ou un proceso pode ter efectos potencialmente perigosos identificados por unha avaliación científica e obxectiva, se dita avaliación non permite determinar o risco con suficiente certeza**”. Este principio de cautela non opera cando existen datos terminantes sobre os riscos para a saúde e o medio ambiente. Nese momento deberán operar as medidas preventivas e correctoras. Este é un deses casos no que cabería invocar o principio de precaución ás autoridades, pola falta de información sobre a seguridade da inocuidade dos megaprojectos que se estarían autorizando por toda a xeografía.

A experiencia adquirida ao longo dos moitos anos de funcionamento dos parques eólicos e da súa ampla e progresiva implantación, sacou á luz a aparición de patoloxías específicas nas persoas que viven na súa contorna. Estas patoloxías son producidas sobre todo polo ruído, a contaminación lumínica, as ondas sónicas de baixa frecuencia, as ondas electromagnéticas e outros, que actúan de maneira individual e sinérgica, con efectos que se potencian en función da proximidade dos individuos ás instalacións, así como o tempo de exposición.

Para empezar, o ruído é causante de diversas afeccións da saúde, xa que é o principal impacto dos aeroxeradores sobre as persoas. Por unha banda está o ruído audible, que produce alteracións na calidade do soño mediante a súa interrupción obxectiva. Tamén produce xordeira, acúfenos, vertixes, mareos, cefaleas, hemicrania, depresión, ansiedade, irritabilidade e deterioración da calidade de vida. O ruído é máis perturbador cando hai aeroxeradores próximos e poténciase coa velocidade do vento. Doutra banda, as turbinas producen ruído non audible (infrasonidos, ultrasóns e ondas de baixa frecuencia por baixo de 20 Hz que son imposibles de oír para o oído humano) que tamén é prexudicial para a saúde. Estes sons propáganse a quilómetros, atravesando os muros das vivendas e poden causar fibrilación auricular, dores de cabeza, pesadelos nocturnos, irritabilidade, neurose...

Por outra banda, a Axencia Internacional de Investigación sobre o Cancro incluíu os campos electromagnéticos de baixa frecuencia xerados polas liñas eléctricas e infraestruturas asociadas como posible axente cancerixeno. Entidades científicas e a normativa de varios países europeos e anglosaxóns establecen 0,2  $\mu$  T como valor límite de inmisión dos campos electromagnéticos de frecuencia extremadamente baixa e 0,5 KVM de campo eléctrico. Hai outro aspecto que tamén inflúe na calidade de vida dos habitantes nas áreas próximas aos parques eólicos. A rotación das aspas dos aeroxeradores pode crear oscilacións nos sinais electromagnéticos utilizados para a comunicación. As turbinas crean unha zona escura para as transmisións detectadas nun radio de 10 quilómetros de distancia desde as turbinas, se estas instálanse entre un transmisor e o receptor.

**\*Ausencia dun inventario ambiental serio e cumprindo co esixido no artigo 35 e Anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental: deficiencia do estudo da fauna, da flora, da biodiversidade...**

**\*A promotora obvia a importancia micolóxica da área de afección do proxecto.**

**\*A promotora obvia a importancia económica e ambiental da apicultura do lugar de afección do proxecto.**

**\* A promotora obvia a importancia do cultivo da castaña e dos soutos.**

☞ **VULNERACIÓN FLAGRANTE DA LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO DE MONTES DE GALICIA. ELIMINACIÓN DA MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE.**

O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Aspecto non avaliado pola promotora. A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro – gandeiras (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España baleirada). A este respecto debera informar a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego.

Como ben indica o artigo 25 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, relativo ao “Desenvolvemento rural: política agraria, política forestal e enerxías renovables”:

*“O Goberno incorporará na aplicación da Política Agraria Común, así como noutras estratexias, plans e programas en materia de política agraria e de desenvolvemento rural, e no Plan Forestal Español, medidas encamiñadas a reducir a vulnerabilidade ao cambio climático dos chans agrícolas, dos montes e dos chans forestais e para facilitar a preservación dos mesmos, entre elas, a elaboración dun mapa de vulnerabilidade, así como a avaliación e promoción de sistemas agrícolas e prácticas de xestión forestal sostibles para aumentar a súa resiliencia fronte ao cambio climático, que fomentarán en todo caso as sinerxias coa redución de emisións de gases de efecto invernadoiro nestes ecosistemas”.*

**LEI 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.**

### **Exposición de motivos**

O monte, ademais da importancia económica e social referenciada en Galicia, ten unha función medioambiental que se reconece e acrecenta progresivamente. A relación da sociedade galega co monte evolucionou considerablemente desde o último terzo do século pasado, xerando unha nova configuración baseada na esixencia do desenvolvemento sustentable e do aproveitamento racional dos recursos forestais. Así, os bosques aparecen como un elemento básico da estratexia ambiental como reservorios e depósitos de fixación de carbono, que chegan a fixar hoxe máis de 42 millóns de toneladas, o que os converte en piares fundamentais para o cumprimento dos compromisos adquiridos no protocolo de Quioto.

Ademais, unha parte significativa dos montes galegos, predominantemente veciñais en man común, están incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos, o que revela a importancia dos bosques galegos no mantemento da riqueza e da biodiversidade da nosa flora e da nosa fauna, así como o papel tan importante que os montes desempeñan na protección do solo, da paisaxe, dos sistemas hidrolóxicos e de todos os ecosistemas que as formacións arbóreas albergan. Con este fin, régúlase na Lei de montes de Galicia unha serie de actuacións tendentes a previr e reducir a degradación do monte e a fomentar a súa restauración, dirixidas a paliar a sobreexplotación de determinados recursos, condicionando e preservando a masa forestal ante as actividades de índole extractiva, as urbanizacións, as áreas industriais e os trazados de grandes infraestruturas, e afondando no concepto de xestión sustentable e, especialmente, no manexo forestal responsable.

O monte é, ademais, un espazo que determina a paisaxe e a identidade da nosa comunidade, ao tempo que ten un compoñente social de recreo, de lugar de encontro, lúdico e de gozo dos cidadáns. A lei trata de compatibilizar a funcionalidade medioambiental, social e estética do monte, cuxos beneficios intanxibles son aproveitados por toda a sociedade, e uns lexítimos beneficios directos que corresponden aos seus titulares. De aí que a lei persiga, como un dos seus obxectivos fundamentais, adaptar a realidade forestal galega ás esixencias, cada vez maiores, dunha sociedade, madura e moderna, como a de Galicia, que debe cohonestarse cos dereitos á percepción de rendas, froitos e utilidades dos propietarios forestais e dos silvicultores.

### **Artigo 5. Función social dos montes**

1. Os terreos forestais galegos constitúen un recurso estratéxico que deberá contribuír ao desenvolvemento socioeconómico de Galicia, xerando rendas e emprego na Comunidade Autónoma mediante un aproveitamento sustentable dos seus recursos e servizos.

2. Os montes desenvolven unha función social relevante, nos termos do artigo 4 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

3. A consellaría competente en materia forestal promoverá a dispoñibilidade de montes ou terreos forestais para fins sociais, educativos, ambientais e recreativos, compatibilizados coa súa potencialidade e utilización forestal.

4. A conservación, a expansión e o aproveitamento das masas forestais, segundo os criterios de xestión forestal sustentable e o disposto nesta lei, son de interese público, sen prexuízo do réxime da propiedade.

E cómpre ter moi en conta o artigo 4 da Lei 43/2003, que indica:

### **“Artículo 4. Multifuncionalidad de los montes.**

Los montes, independientemente de su titularidad, desempeñan una función social relevante, tanto como fuente de recursos naturales y sustento de actividades económicas como por ser proveedores de múltiples servicios ambientales, entre ellos, de protección del suelo y del ciclo hidrológico; de fijación del carbono atmosférico; de depósito de la diversidad biológica y como elementos fundamentales de la conectividad ecológica y del paisaje.

El reconocimiento de estos recursos y externalidades, de los que toda la sociedad se beneficia, obliga a las Administraciones públicas a velar en todos los casos por su conservación, protección, restauración, mejora y ordenado aprovechamiento”.

Polo tanto,

O uso forestal e a funcionalidade actual dos montes afectados polo parque eólico SUÍDO I E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN PREVALECEN sobre o uso previsto no proxecto industrial citado e RESULTA INCOMPATIBLE a actual utilidade e funcionalidade dos montes cos usos eólicos previstos. O proxecto prevé unha transformación urbanística non amparada legalmente.

## **IV.- A PREVALENCIA DA PROTECCIÓN AMBIENTAL DA LEI 42/2007, DO 13 DE DECEMBRO, DO PATRIMONIO NATURAL E DA BIODIVERSIDADE.**

*“Artigo 2. Principios.*

*Son principios que inspiran esta lei:*

*a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.*

*b) A conservación e restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para esa fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como, as particularidades rexionais e locais.*

*c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.*

d) *A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).*

f) *A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.*

g) *A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.*

En virtude do anterior,

### **SOLICITA:**

1.-O rexeitamento da solicitude de autorización administrativa previa, da autorización administrativa de construción, do estudo de impacto ambiental e do proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) das instalacións do parque eólico Suído I, así como a das súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Lalín e Dozón (Pontevedra) e O Irixo (Ourense), promovido por Desenvollos Renovables del Norte, S.L.U. (expediente IN408A/2020/008), DOG Núm. 82, de 29 de abril de 2022 e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licenza social.

2.-SIRVAN AS PRESENTES ALEGACIONES COMO NOTIFICACION PREVIA DESTE ASUNTO, QUE VAI A SER OPORTUNAMENTE RATIFICADA PARA O CASO DE PROGRESO DA SOLICITUDE RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO SUÍDO I, ASÍ COMO DAS SÚAS INFRAESTRUTURAS DE EVACUACIÓN (EXPEDIENTE IN408A/2020/008) E PROGRESO DA MESMA, DEBENDO OS PROMOTORES ENFRENTARSE AOS PROCEDIMENTOS XUDICIAIS QUE SE INICIEN (CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS E PENALIS), ASI COMO, ÁS INDEMNIZACIONES QUE PROCEDAN, CON RESPONSABILIDADE SUBSIDIARIA DE QUEN AUTORIZA SEN TER EN CONTA OS DEFECTOS DOS QUE SE LLE PON EN COÑECEMENTO.

3.- Téñase en conta que o Inventario de Humidais de Galicia non recolle ningún humidal, agas os protexidos polo Convenio Ramsar. Téñase en conta que ademais dunha impresionante e exclusiva biodiversidade, calcúlase que unha hectárea de turbeira pode almacenar entre 3 e 3,5 veces máis carbono que unha hectárea de bosque tropical, reducindo a emisión de gases de efecto invernadoiro e o quecemento global do planeta, polo que é fundamental a conservación destes sumidoiros e acumuladores de carbono.

### **Protexan os humidais afectados polo parque eólico Suído I e polas súas infraestruturas de evacuación.**

4.- Acceso dixital, ao abeiro da Lei 27/2006, á documentación relativa ao seguimento ambiental do Plan Sectorial eólico de Galicia e ao programa de vixilancia ambiental deste, tal e como indica o artigo 51 da Lei 21/2013, de 9 de outubro de avaliación ambiental de Galicia.

Véxase o Informe Macroeólicos:

<https://mapaseolicos.wordpress.com/informe//>

5.- Teñan en conta que en consoancia co anterior estase a vulnerar unha mancha de normativa que xera indefensión para a cidadanía como:

- Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que garanten o acceso público a información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou doutras entidades no seu nome, tanto cando se lles solicite como mediante divulgación activa.
- Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3)
- Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19)
- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- Lei 7/2012, de 28 de xuño de Montes de Galicia.

- Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
- Directiva 2011/92/UE do Parlamento e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente
- Directiva 2001/42/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación ambiental dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

6.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Xunta de Galicia, teñen dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso existe un rexeitamento social ao parque eólico Suído e a súa infraestrutura asociada de evacuación e os demais parques eólicos xa existentes ou en tramitación na área xeográfica de afección deste proxecto e as liñas de evacuación existentes e en tramitación na mesma área xeográfica. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias, culturais e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

Véxase o documento INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=443777>

Véxase: “Efectos de los parques eólicos e instalaciones eléctricas asociadas sobre la salud”.

<https://aliente.org/efectos-eolica-salud>

7.- Abran un proceso público participativo, onde con carácter previo, a cidadanía afectada e o público poidan participar na localización do proxecto eólico Suído I e a súa solución de evacuación aos efectos paisaxísticos. Cómpre ter en conta que o Convenio europeo da Paisaxe indica que os obxectivos de calidade paisaxística determínanos a Administración, **en base ás aspiracións da cidadanía**, e non en base ás aspiracións dunha mercantil promotora que actúa no mercado con ánimo de lucro. Polo tanto, estase a obviar a participación pública nun instrumento de ordenación do territorio tan importante e con tanta afección como é este proxecto industrial.

8.- Sometan a exposición pública conxunta aos efectos da información e da participación a documentación ambiental dos parques eólicos Valdepereira, Pico Seco, Suído I e todos aqueles que comparten a solución de evacuación común (proxecto de instalacións de conexión Beariz 400 kV, eixe leste, sitas nos concellos de Beariz, Boborás e O Irixo, da provincia de Ourense (expediente IN408A 2020/175)), DOG Núm. 5, de 10 de xaneiro de 2022, evitando así a división artificiosa dos proxectos.

Deberan someter a exposición pública o documento ambiental estratéxico do Plan industrial eólico co conxunto dos proxectos eólicos e as instalacións de evacuación e conexión para non diluir ou reducir os impactos do conxunto e así facilitar a participación da cidadanía na análise dos impactos globais do conxunto, sobre todo de cara a analizar o impacto paisaxístico e garantir a existencia de corredores ecolóxicos.

9.- Solícitase información sobre dos parques eólicos en explotación, autorizados, en tramitación e/ou de nova solicitude instalados ou que se prevén instalar na ADE Pico Seco, ADE O Irixo e ADE Valdepereira.

10.- Non se pode autorizar un proxecto como o do parque eólico Suído I cando no documento denominado “I. Apéndice I. Visibilidade desde Lugares de Especial Interés Paisaxístico (LEIP), recoñécese expresamente pola mercantil promotora que hai lugares desde os que serían visibles ata 108 aerogeradores como a Igrexa de San Xurxo de Cristimil, 149 aerogeradores desde a igrexa de San Adrado de Madriñán, 161 desde a igrexa de San Xoán de Botos, 169 aerogeradores desde a igrexa de San Fiz da Xesta, 121 aerogeradores desde a igrexa de San Miguel de Bendoiro, 52 aerogeradores desde o Pazo de Anxuxao, 189 aerogeradores desde o Mirador das Ameixeiras, 192 aerogeradores desde o Mirador do Castelón, 110 aerogeradores desde o Pazo de Barcia, 125 aerogeradores desde o Mirador do Alto do Candán, 75 aerogeradores desde o Mirador A Pena de Francia, 52 aerogeradores desde o Mirador do Monte Coco, 107 aerogeradores desde o Pazo Casa de Viñoa e núcleos rurais como A Balagosa, en Vilatuxe (Lalín) con visibilidade de 122 aerogeradores, A Bouza (Botos –Lalín) con 163 aerogeradores, A Ermida – Lebozán (Lalín) con 111 aerogeradores... etc..(Ver II. Apéndice II. Visibilidade desde núcleos de Poboación). Este impacto paisaxístico derivado do descontrol da planificación eólica é inasumible, polo que deben frear dunha vez esta mancha de eólicos

e esta planificación caótica que se está a realizar. Hai que pensar máis no benestar das familias que viven, residen e/ou traballan nos núcleos afectados.

Dozón, 18 de maio de 2022

Asdo.- \_\_\_\_\_